

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Luís Manuel García Mañá

Xefe Superior da Policia de Galicia

**"Nós, os galegos,
temos que coidar
o noso idioma
porque non
o van coidar
outros por nós"**

Novas Avogacía:

- Novidades lexislativas e xurisprudencia
- Mediación intraxudicial
- Protocolo de derivación

Vida Colexial:


- Acordos da xunta de goberno
- Celebración de San Raimundo

Colaboración:

- Os novos criterios orientadores sobre honorarios profesionais do ICA Santiago

Opinan de Nós:

- Susana López Carbia
- Mercedes Rosón Ferreiro



Médico, xornalista, empresario... "un polígamico intelectual"

Ghaleb Jaber Ibrahim

Presidente do grupo de empresas Araguaney





Manuel García Boado, José Antonio Suárez Espiñeira, Francisco Porto Mella, Paulino Vega Ramírez, Florentino Vidal Fuentes, Manuel Martín Gómez, José Domínguez Noya, Carlos Fernández Rial, Gonzalo Cortizo Nieto, Alfonso Villagómez Rodríguez, Javier Álvarez - Santullano y Pino, Evaristo Nogueira Romero, Antonio Castro García, Gerardo Sánchez - Brunete Casado, Juan Guillán Fajardo, Félix Esquete Ucero, Jesús Marañón Barreiro, Jesús Raposo Quintans, Pedro Pueyo Novo, Jacinto García Quintans, Luis Losada Magariños, Antonio Viñal López, Luis Gippini López de Rego, José Paz Sueiro, Bernardo Díos Mosquera, José Pardo Soto, Bernardo Sánchez Fernández, Celestino Gesto, Manuel Pintos Viletes, Leovigildo Alonso Fonturbel, Ricardo Ferrer Jaureguizar, Benigno Amor Rodríguez.

Manuel Martín Gómez, Antonio Domínguez Noya, Ramón País Ferrín, Antonio Castro García, Joaquín Vidal Fuentes, José Domínguez Noya, Ramón Cruces Vilas, Santiago Nogueira Romero, Pedro Pensado Iglesias, José Antonio Suárez Espiñeira, Saturnino Seijo Gamallo, Gonzalo Cortizo Nieto, Alejandro Otero Soto, Luis Losada Magariños, José Vispo Montero, Francisco Porto Mella, Félix Esquete Ucero, José Lorenzo Vázquez, Ricardo Ferrer Jaureguizar, Benigno Amor Rodríguez, Paulino Vega Ramírez, Waldo Fernández de la Torre, Baltasar García Amigo



Antonio Castro García, Pedro Pensado Iglesias, Gonzalo Cortizo Nieto, José Vispo Montero, Ramón País Ferrín, José Antonio Suárez Espiñeira, Paulino Vega Ramírez, Waldo Fernández de la Torre, Francisco Porto Mella, Félix Esquete Ucero, José Lorenzo Gómez, Benigno Amor Rodríguez, Celestino Gesto, Baltasar García Amigo.



Delfa Losa García, María Amalia Camba Pérez, Jesús Sánchez Campos, Noemí Ucha Sobral, Javier Álvarez - Santullano y Pino, Marta Carballo Ursúa, Jesús Fernández Fernández, Emilio Carrasco Lorenzo, Enrique Mareque Álvarez - Santullano, Emilio Domínguez Martín, Francisco Javier Fernández Sarandeses, María Luisa Otero Jamardo, Luis Méndez



Avogacía Compostelá

Dirección



Evaristo
Nogueira
Pol

Secretaría técnica

Telf.: 981 581 713
st.gerente@icasantiago.org



Manuel
Arza
Galán

Asesoramiento língüístico



Martín
Ramos
Insua

Edita:

Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela
R/ Eduardo Pondal, 4 – baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 581 713 / Fax: 981 581 132
Correo-e: icas@icasantiago.org
Páxina web: www.icasantiago.org

Consello de redacción



Timoteo
Gutiérrez
Valero



M. Luisa
Pasin
Mato



Patricia
López
Amoso



Javier
Sánchez-
Agustino

Diseño e maquetación

Editorial Compostela, S.A.

Depósito Legal: C-3778-2007

El Ilustre Colexio de Avogados de
Santiago de Compostela non se fa
responsable das opinións expresadas
polos seus colaboradores



Noemí
Peteiro
Pereda



Xosé A.
Barreiro
Pereira



Paulo
López
Porto



José R.
Oulego
Erráz



M. del Mar
Vivero
Vizoso



Daniel
Neira
Barral



Javier
Constenla
Vega

... a ser un niño	... a vivir en libertad	... a tener identidad	... de salud	... a vivir especiales
... a ser libre	... a una buena educación	... a la protección y respeto	... a no ser abandonado ni maltratado	... a no ser discriminada

yo también tengo derechos



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago

Estimados compañeros/as:

No presente número da revista colexial poderedes ler as seccións habituais, entre as que se atopan dúas interesantes entrevistas, a realizada a Luis García Mañá, xefe superior da Policía de Galicia, fiel colaborador deste colexio, e a realizada a Ghaleb Jaber Ibrahim, presidente do grupo Araguaney. A ambos comprenderán

agradecerles a súa disposición para ser entrevistados polos compañeros Paulo López, José R. Oulego, Mar Vivero e Noemí Peteiro.

Falando xa de temas puramente colexiais, como sabedes está en funcionamento o servizo de medicación familiar intraxudicial nos xulgados da nosa cidade. Este programa, en fase experimental, está impulsado polo noso colexio, o de psicólogos, a Fiscalía, e a Administración autonómica. Cremos dende a xunta de goberno que o servizo creado poderá ser positivo para os avogados, polo que vos animamos a que entre todos o fomente mos.

Tamén o colexio asinou recentemente un convenio co Concello de Santiago, co fin de prestarles servizo ás persoas sen recursos que nos deriven da citada institución. En concreto, o traballo que deberán realizar os compañeros que así o desexen será o de formular as reclamacións previas á via administrativa e laboral.

En breves días tamén vos remitiremos dende o colexio información sobre a implantación do programa Lex Net nos xulgados de Santiago, o cal sen dúbida nos obrigará a adecuarnos ao que parece xa un feito incontrovertible que é a incorporación das novas tecnoloxías á Administración de xustiza. Agardemos que iso supoña, cando menos, paliar en parte a situación pola que atravesa a xustiza.

Procederemos dende a xunta de goberno a contactar cos novos responsables da Administración autonómica, en concreto cos de xustiza, co fin de trasladarles as múltiples preocupacións existentes a nivel da avogacía, facendo especial fincapé no de sempre, é dicir, a quenda de oficio e a súa problemática, sobre todo no que se refire aos inxustificables atrasos nos pagamentos. Está pendente a negociación do novo baremo, que non foi posible pechar coa anterior administración por causas non imputables a este colexio. En todo caso, dende o Colexio de Avogados de Santiago discreparemos rotundamente das quelas correntes, sobre todo localizadas fóra da nosa comunidade galega, que solicitan algunha forma a privatización do servizo correspondente de oficio.

Espero que sexa do voso agrado este novo número da vosa revista colexial, confeccionada por compañeros e compañeras. Un saúdo.

Decano



Novidades lexislativas e xurisprudencia

► Lexislación

- Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns. (BOE núm. 152 do 07/08/2008)
- Real decreto 1318/2008, do 24 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro. (BOE núm. 220 do 11/09/2008)
- Real decreto 1507/2008, do 12 de setembro, polo que se aproba o Regulamento do seguro obligatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos a motor. (BOE núm. 222 do 13/09/2008)
- Orde EHA/2816/2008, do 1 de outubro, de modificación da Orde EHA/3188 /2006, do 11 de outubro, pola que se determinan os módulos de valoración para efectos do establecido no artigo 30 e na disposición transitó-

ria primeira do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo. (BOE núm. 244 do 09/10/ 2008)

- Acordo, do 15 de outubro de 2008, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, de atribución ao Xulgado de Primeira Instancia n.º 6 de Santiago de Compostela, de nova creación, do coñecemento, con carácter exclusivo, dos asuntos propios do dereito de familia, os relativos á capacidade das persoas e á protección do menor. (BOE núm. 271 do 10/11/2008)
- Real decreto 2127/2008, do 26 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2009. (BOE núm. 314 do 30/12/2008)
- Real decreto 2128/2008, do 26 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2009. (BOE núm. 314 do 30/12/2008)





- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia. (BOE núm. 65 do 17/03/2009)
- BAREMO DE TRÁFICO: Resolución, do 20 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones pola que se dá publicidade ás contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2009 o sistema para valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación.
- Real decreto-lei 3/2009, do 27 de marzo, de medidas urxentes en materia tributaria, financeira e concursal. (BOE núm. 78 do 31/03/2009)
- Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantis. (BOE núm. 82 do 04/04/2009)

► Xurisprudencia

Recursos contencioso-administrativos contra o Sergas
Competencia: xulgados do contencioso-administrativo

Auto da sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do 24/11/2008, polo que se determina a competencia dos xulgados do contencioso administrativo en única ou primeira instancia para conecer dos recursos que se deduzan ante os actos do Servizo Galego de Saúde (Sergas), ao entender que a competencia do Sergas, organismo administrativo autónomo dependente da Consellería de Sanidade, non se estende a todo o territorio nacional. (Razoamento xurídico segundo, parágrafo 3º)

Impugnación de honorarios sen petición do informe do colexio de avogados

Vulnera o dereito a tutela xudicial efectiva. Sentenza do Tribunal Constitucional, sala primeira 09/03/2009 »

O texto íntegro destas disposicións poderá ser consultado na secretaría deste colexio.





NOTICIAS breves DE INTERESE

Conmemoración do 60 aniversario da Declaración dos Dereitos das Pessoas

O CONSELLO XERAL DA AVOGACÍA Espanola xunto cos consellos autonómicos e os 83 colexios de avogados de España editaron o comic *Un mundo feliz?* para conmemorar o 60 aniversario da Declaración dos dereitos das persoas.

Con esta publicación preténdese poñer en actualidade o valor cívico dos dereitos fundamentais que recolleu esta declaración aprobada pola Asemblea Xeral da ONU alá polo ano 1948. En todo este tempo foron moitos os pasos dados a prol dos principios que este texto marcaba como fundamentais nunha sociedade de dereito coma a nosa. Neste camiño sen dúbida os colexios de avogados xogaron un papel destacado na posta en práctica dun ordeñamento xurídico comprometido coa defensa dos valores básicos aquí promovidos como a liberdade e a igualdade. Boa mostra disto pode ser a creación dos servizos de orientación e asistencia xurídica que nacen co fin de velar polos dereitos das persoas más desprotexidas.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela distribuiu abondosos exemplares entre os centros de ensino primario composteláns co fin de espetar o interese polos dereitos fundamentais entre os/as máis novos/as. »

Unha de cada tres persoas sen asistencia sanitaria pública gratuita en España é avogado/a

ALGÚNS PROFESIONAIS LIBERAIS e outros colectivos non poden acceder á asistencia sanitaria gratuita porque non están dados de alta na Seguridade Social. De feito, das 200.000 persoas que non poden acollerse á sanidade pública no noso país, 65.000 son avogados, o que representa un 30 por cento.

Para analizar o problema e ofrecer alternativas, o Consello Xeral da Avogacía Espanola (CXAЕ) e a Mutualidade Xeral da Avogacía desenvolveron unha xornada sobre "Avogados e Asistencia Sanitaria Universal", que tivo lugar no Colexio de Avogados de Madrid. No encontro participaron o catedrático de Dereito do Traballo da UCM, Alfredo Montoya Melgar e o conselleiro de Sanidade e Consumo de España ante a Unión Europea Francisco Sevilla Pérez.

Os relatores coincidiron en que as leis recollen expresamente o dereito constitucional a recibir asistencia pública universal e gratuita, pero que é necesario levalo á práctica sen máis demoras, eliminando as trabas que actualmente existen. Segundo Montoya Melgar, "malia tantos e tan proclamados propósitos, hoxe a asistencia sanitaria pública segue sen ser universal nin gratuita xa que algúns colectivos que non están incluídos no campo de aplicación da Seguridade Social non poden acreditar falta de recursos e están desprotexidos". Este é o caso dos avogados encadrados na Mutualidade da Avogacía, que para beneficiarse das prestacións sanitarias deben satisfacer as correspondentes primas á Mutualidade.

Ademais, o profesor Montoya Melgar denunciou que "levamos un cuarto de século de situación transitoria ao longo do cal a Seguridade Social segue sendo a básica prestadora da asistencia sanitaria". Unha situación que, aínda que nun principio se debeu a "motivos económico-financeiros, agora continúa por pura inercia" e que supón "un agravio comparativo e vulnera o principio de igualdade proclamado no artigo 14 da nosa Constitución, ligado inevitablemente aos principios de universalidade e gratuitade". Para o profesor o ideal sería "unha solución global e definitiva cunha universalidade práctica e que afecte a todo o mundo que pasa por acabar co sistema de prestacións da Seguridade Social e un financiamento da Sanidade a través dos impostos".



Pola súa parte, Francisco Sevilla Pérez sublinhou durante o encontro que a solución a ese agravio comparativo que sinalaba Alfredo Montoya require "unha decisión política clara que non se adoptou ata agora porque se complicaron as relacións entre Seguridade Social, Sistema Nacional de Saúde e Comunidades Autónomas que non permitiron a aborda-

xe global". Unha decisión, indicou, que levaría a universalización da sanidade ben como derecho da cidadanía ou como prestación non contributiva dentro da Seguridade Social". Afirmou que "os cidadáns sen cobertura pública na actualidade son unha minoría" e que a súa situación "atenta contra varios principios constitucionais". "

A rendibilidade dos investimentos da Mutualidade da Avogacía continuará sendo superior ao 5,5% en 2009

OS DEPARTAMENTOS de Investimentos Mobiliarios e Investimentos Inmobiliarios da Mutualidade proxeectaron para 2009 a rendibilidade certa que renderán os investimentos por cupóns, dividendos e alugueiros, obtendo unha cifra do 5,85%, co que se asegura que a rendibilidade a favor dos mutualistas do Plan Universal o vindeiro ano non será inferior ao 5% (90% da rendibilidade neta total).

Isto conséguese grazas á cartera de investimentos que xa tiña a Mutualidade e á xestión realizada nos últimos meses de 2008, nos que se efectuaron novos investimentos con elevada rendibilidade, antes da baixada de tipos de interese. En conxunto investíronse 192 millóns de euros en valores de renda fixa de cualificación A e sobre A, cunha TIR media do 6,11% e cunha duración media de 5,65 anos. Os investimentos en in-

mobles alcanzan os 69 millóns de euros cunha rendibilidade por alugueiros superior ao 7%. Nalgúns casos estas adquisicións efectuáronse con pacto de recompra con plusvalía garantida a termo, co que nalgúns casos esta rendibilidade se eleva ao 10,5% e 12%.

Esta noticia, que a Mutualidade enviou aos seus mutualistas por correo electrónico a través do seu boletín informativo, chega en pleno desenvolvemento da xa tradicional campaña informativa de final de ano que, neste exercicio, se centra no fomento do uso de internet para realizar as operacións máis usuais destes meses.

Este fomento articulouse a través dunha promoción que realiza a Mutualidade, que consiste no regalo de 10 euros por cada operación das seguintes que o mutualista realice a través de www.mutualidadabogacia.com: achegas extraordinarias, aumento das achegas periódicas, achegas ao cónxuge, achegas ao Plan Individual de Aforro Sistemático no Sistema de Aforro Flexible-PIAS e mobilizacións de plans de pensións de entidades alleadas á Mutualidade.

Á excelente rendibilidade únese o incentivo fiscal para a realización de achegas ao Plan Universal da Mutualidade. Máis ainda cando, pola contra, os plans de pensións das entidades bancarias e aseguradoras rexistraban no mes de outubro unha minusvalía media do -8,65% no último ano segundo INVERCO.

Todo iso prodúcese no 60º aniversario da Mutualidade, que foi fundada polos colexios de avogados de toda España no ano 1948 e dende entón rexeuse sempre polos principios de solvencia, profesionalidade, eficacia e plena disposición ao servizo do mundo do dereito.

En novembro de 2008 o volume total de aforro que xestiona a Mutualidade ascendeu a 2.443,6 millóns de euros. Este aforro, confiado por máis de 134.500 mutualistas activos e 11.200 pensionistas, está investido en activos financeiros e inmobiliarios cuxo valor de mercado supera os 2.765 millóns. En novembro de 2008 o número de mutualistas plenos aumentara respecto ao 1 de xaneiro, nun 5,7% e as achegas a plans de aforro e previsión aumentaran nun 36,3%, respecto ao ano anterior. "



A Mutualidade asegura a rendibilidade para 2009 investindo en paquetes de débeda corporativa a medio prazo e inmobles, con taxas superiores ao 6%

PARA ASEGURAR a rendibilidade a favor dos mutualistas nos vindeiros anos, nos últimos meses de 2008 a Mutualidade efectuou e, antes da baixada de tipos de xuro. En conxunto investironse 192 millóns de euros en valores de renda fixa de cualificación A e sobre A, con TIR media do 6,11% cunha duración media de 5,65 anos. Os investimentos en inmobles acadan os 69 millóns de euros cunha rendibilidade por alugueiros superior ao 7%. Nalgúns casos estas adquisicións efectuáronse con pacto de compra con plusvalía garantida a termo.



Os avogados/as do 11-M reciben o premio dereitos humanos da Avogacia Europea

O GRUPO DE AVOGADOS Que interveu no macroxuízo do 11-M recibiu o Premio Dereitos Humanos que concede o Consello da Avogacía Europea (CCBE). No mesmo acto, José María Davó foi nomeado vicepresidente primeiro do CCBE.

A Avogacía Europea quixo amosar o seu recoñecemento para estes integrantes da quenda de oficio por "superar inmensos obstáculos durante o exercicio das súas funcións, poñendo en xogo as súas propias carreiras profesionais e a súa vida privada. Ademais, dende o CCBE recoñecen que este exercicio foi realizado "baixo unha gran presión, cunha remuneración insignificante, que mesmo supuxo o peche dalgúns dos seus despachos ante a redución de ingresos e a perda de clientes", causada pola magnitud do xuízo.

Este galardón para os avogados españoles, será compartido co avogado chinés Li Heping, letrado especializado polo seu traballo na defensa dos dereitos humanos en China.

O representante deste grupo de letrados da quenda de oficio, Endika Zulueta, sinalou que a pesar da falta de materiais e axuda económica dos avogados de oficio, "utilizamos todo o noso coñecemento xurídico e dialéctica para defender os dereitos de persoas acusadas polos más crueis ataques terroristas xamais acontecidos en territorio europeo, baixo unha presión mediática e política sen precedentes".

Ademais, Zulueta quixo recordar as vítimas deste atentado que sacudiu Madrid o 11 de marzo de 2004, "é especialmente aquelas persoas que estiveron presentes durante os cinco meses que durou o xuízo oral, xa que tiveron que soportar de forma admirable e serena o proceso, fronte a xente acusada de provocar tan terrible sufrimento, e permitiron ao Estado respectar, non só as garantías básicas do derecho de defensa, senón a mellor defensa posible para calquera persoa malia a seriedade dos crimes".



Mediación intrax judicial

Estimados compañeros/as:

Como sabedes, recentemente o Colexio de Avogados de Santiago, conxuntamente co Colexio de Psicólogos de Galicia, a Fiscalía e a Vicepresidencia da Xunta, asinaron o *Convenio para a implantación dun programa experimental de mediación intrax judicial* que se vai levar a cabo na nosa cidade. Así mesmo, e paralelamente á sinatura deste convenio, confeccionouse un protocolo de derivación desenvolvido pola Xunta Sectorial de Xuices de primeira instancia.

Este programa intenta básicamente evitar o conflito xudicial en temas de familia e canalizalo pola vía amigable. En ningún caso substitúe a negociación previa que praticamente todos os avogados intentamos aplicar en temas de familia, xa que debe entrar en xogo precisamente cando esa negociación fracase. Tampouco dende o punto de vista económico nos debe afectar.

Os mediadores/as serán dous, unha avogada e un psicólogo. A compañeira que saliu elixida entre as persoas candidatas foi Olga Failde.


Creamos desde a xunta de goberno que estamos ante unha oportunidade de evitar litixios moitas veces innecesarios en temas de familia, así como evitar que perduren no tempo este tipo de procedementos co conseguinte prexuízo non só para as partes senón tamén para todos nós.

Sen dúbida, o éxito deste programa piloto e en consecuencia a súa prórroga dependerá en gran medida da actitude e posicionamento que todos os avogados e avogadas teñamos.

Achégovos o protocolo de derivación onde poderedes apreciar máis detalles do funcionamento da mediación familiar. En todo caso, nos procedementos seguidos ante o xulgado de familia será o propio xulgado quen informará da forma de levalo a cabo.

Agardando que sexades receptivos, así como agardando calquera tipo de aclaración ou suxestión ao respecto, que intentará ser atendida pola propia xunta de goberno e pola comisión encargada dentro do colexio de levar o seguimento do proxecto, encabezada pola vogal Luisa Pasin.

O decano





Protocolo de derivación

Xunta sectorial de Xuíces de Primeira Instancia

Santiago, 12 de marzo de 2008

CONSTITUÍDA A XUNTA Sectorial coa participación do Ilmo. Sr. Decano e os maxistrados titulares dos cinco xulgados de primeira instancia desta cidade; actúa como secretario o titular do xulgado de igual clase n.º 2; alcánzase o seguinte ACORDO:

Ante a intención da Subdirección Xeral de Familia (Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia) de poñer en funcionamento un programa piloto de mediación intraxudicial familiar para o vindeiro ano xudicial e logo de observar os termos da proposta de implantación acordada pola Xunta Sectorial de Xuíces de Primeira Instancia de Santiago de Compostela do dia 06-02-2007 (Equipo de Co-Mediación estable integrado por un avogado e un psicólogo designados mediante

Convenio da CC.AA. cos seus respectivos colexios profesionais), parece oportuno concertar un protocolo de derivación que se achegue como anexo ao convenio que asine a CC.AA. con tales colexios profesionais implicados no equipo de co-mediación que se vai establecer, necesidade imposta pola intervención de varios xulgados de primeira instancia ao non existir un xulgado de familia de cara á fixación dunhas instrucións ou modelo de actuación común co obxecto de garantir unha maior eficacia e coordinación ao servizo que se vai instaurar.

Pois ben, tratando de aproveitar a experiencia práctica dos xulgados en que se implantaron sistemas de mediación intraxudicial familiar, logo de consultar coa mayoría de xulgados de familia adscritos ao proxecto de mediación iniciado no seo do CXPX no ano 2006 (en concreto cos X.F. n.º 18 de Barcelona, X.F. n.º 29 de Madrid, X.F. n.º 5 de Málaga, e X.F. n.º 3 de Pampiña, quedando pendente contacto cos X.F. n.º 12 de Mallorca e X.F. n.º 7 de Sevilla) e utilizando igualmente como modelo as conclusións do último seminario do CXPX sobre mediación intraxudicial familiar como pautas más recentes que foron consensuadas ata a data, valorando os resultados da experiencia práctica dos mencionados xulgados de familia, concértase por unanimidade o seguinte. »

D Protocolo de derivación

A) PRINCIPIOS:

Nas intervencións de mediación intraxudicial familiar hanse observar os seguintes principios:

1. Voluntariedade.

Respectarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

A asistencia á sesión informativa é voluntaria, salvo resolución xudicial motivada ditada con intervención do Ministerio Fiscal, ao amparo do artigo 158 do Código civil.

2. Confidencialidade.

A información que se utilice nos procesos de mediación permanecerá reservada e únicamente se informará da consecución do acordo. No caso de que a mediación non continúe por desis-

tir dela calquera das partes, únicamente se informará o Xuiz deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuizamento posterior.

En todo caso, o mediador está obrigado a informar o Xuiz ou o Ministerio Fiscal dos datos que poidan revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dunha persoa ou de feitos delituosos perseguitables de oficio.

3. Igualdade das partes.

Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, polo que a mediación se interromperá en canto se advirte a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación que afecte algunha das partes ou calquera outra causa de quebra do anterior principio.

4. Homologación de acordos de orde pública.

O acordo acadado, para a súa eficacia, necesitará ser homologado polo tribunal, cando se refira a materias non dispoñibles, nas formas previstas legalmente nos artigos 774 e 777 da Lei de axuizamento civil.

B) FORMA DE DERIVAR A MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL:

- O XUÍZ, DE OFICIO OU POR PETICIÓN DO MINISTERIO FISCAL, derivará as partes a unha sesión informativa de mediación e sinalará para tal efecto día, hora e lugar determinado. TAMÉN O SECRETARIO XUDICIAL poderá remitir sesión informativa nos

procedementos de formación de inventario recollidos no artigo 808 da Lei de axuizamento civil ou naqueles outros nos que a lei lles atribúa competencias.

A FISCALÍA, NOS EXPEDIENTES PREVIOS DE MENORES OU INCAPACITACIÓN E TUTELAS, TAMÉN PODERÁ REALIZAR AS DERIVACIÓNOS.

2. O Xuíz valorará o MOMENTO axeitado PARA A DERIVACIÓN, respectando sempre que nese momento, ambas as partes estean debidamente constituidas como parte nos autos.

Con carácter xeral nos procesos matrimoniais, unha vez que comparecesen ambas as partes, aproveitanse os tempos intermedios entre o sinalamento da vista e aúa ce-

na propia comparecencia prevista nos artigos 771 e 773 da Lei de axuizamento civil. O contido da resolución restrinxirase no primeiro caso ás medidas máis perentorias e urgentes para as partes.

En sede de execución de títulos xudiciais, a derivación efectuarase unha vez comparecidas e coñecidas as respectivas posicións das partes, tras a presentación do escrito que deduza a oposición á execución despachada.

3. A REMISIÓN Á SESIÓN INFORMATIVA pode facerse en todos os procedementos de familia, sen limitación apriorística dos temas que se van mediar.

Inclúense en tales supostos os procesos sobre capacidade das perso-

ción dos interesados. Instarase a creación de axendas únicas informáticas e, no seu defecto, arbitrarase a posibilidade de que o xulgado consiga a cita por teléfono ou fax, con carácter inmediato.

5. O XULGADO REMITIRÁ UN PROTOCOLO DE DERIVACIÓN AO EQUIPO DE MEDIACIÓN.

Nese protocolo facilitarase a información necesaria que, polo menos, deberá conter: identificación do xulgado, número de autos, tipo de procedemento, identificación dos participantes (datos de identidade, idade e teléfonos de contacto), número de fillos e idades, e se se suspendeu ou non o procedemento.

Unha vez aceptada a mediación, remitirase ao equipo mediador unha copia dos escritos e documentos obrantes en autos que soliciten.

C) SESIÓN INFORMATIVA E PROCESO DE MEDIACIÓN:

1. Considerase prioritario que a sesión informativa se leve a cabo preferentemente en sede xudicial, sen prexuízo de que o proceso de mediación, se se aceptar, se lleve a cabo noutras dependencias.

2. Da sesión informativa, poden resultar varias posibilidades:

- a familia non asiste.
- a familia é informada e non acepta.
- a familia acepta e suspéndese o procedemento.

- a familia acepta a intervención mediadora pero non suspende de momento o curso do procedemento, aproveitando os tempos intermedios entre o acordo de remisión e a visita, sen prexuízo de que se solicite a suspensión cando esta sexa inevitable.

A SUSPENSIÓN haberá de instarse por ambas as partes, a través da súa respectiva representación procesual, nunca por petición tan só do mediador.

Considerase suficiente o prazo de

XULGADOS - JUZGADOS

lebración, sen prexuízo de que se solicite a suspensión cando esta sexa inevitable, efectuando polo tanto a derivación na providencia en que se teña por contestada a demanda e se sinale o xuizo.

A derivación efectuarase en sede de medidas provisionais ou provisionálisimas no auto que resolva estas ou

as, nos casos de discrepancia en orde á determinación da idoneidade duns ou outros parentes para a asunción de funcións tutelares (titor, curador, etc.) e sobre tal concreto e exclusivo aspecto.

4. Para CONSEGUIR A CITA INFORMATIVA arbitraránse os medios necesarios para garantir a inmediata cita-



suspensión previsto no artigo 19.4 da Lei de axuizamento civil, computando dende a suspensión efectiva e non dende o momento da derivación.

O equipo de mediación comunicaralle por fax ao xulgado se se acepta ou non o proceso de mediación.

3. Unha vez finalizado o proceso de mediación, o equipo de mediación comunicaralle ao xulgado o resultado do proceso de mediación intra-xudicial.

4. CONSIDÉRASE axeitado QUE OS LETRADOS INTERVEÑAN NA SESIÓN INFORMATIVA; ESTA DEBERÁ CONSTAR DE DÚAS PARTES: unha primeira, coas partes e os seus letrados, co fin de que estes obteñan a información necesaria do proceso de mediación e da identidade dos mediadores, e unha segunda, exclusivamente cos interesados.

CONSIDÉRASE QUE OS LETRADOS NON DEBEN INTERVIR NO PROCESO DE MEDIACIÓN.

En todo caso, deberá ser o letrado quen presente o convenio regulador ou someta o acordo parcial á homologación do xulgado, sen que sexa necesario que os mediadores dean traslado do acordo ao xuíz con independencia do convenio regulador.

5. NON SE CONSIDERA NECESARIO QUE OS MENORES INTERVENAN NO PROCESO DE MEDIACIÓN, só deberán facelo a criterio do mediador, valorando en cada caso, as súas condicións de madureza e a utilidade de tal intervención.

D) INFRAESTRUTURA:

1. A OFICINA XUDICIAL encargarase da información, control administrativo, conexión co centro de mediación, facilitación de datos do expediente ao mediador e citación das partes.
2. O EQUIPO DE MEDIACIÓN debe realizar a sesión informativa no prazo máis curto posible (sen necesida-

de a priori de suspender o curso dos autos).

Considérase conveniente que os cidadáns xa saian do xulgado coa data, o lugar e a hora na que serán atendidos.

3. REVISIÓN DO FUNCIONAMENTO:

É conveniente fixar un período inicial de dous ou tres meses, tras o cal se fará unha análise do funcionamento, para corrixir disfuncións, e un período máximo anual, despois do cal se fará a análise da experiencia e se decidirá, se é o caso, a súa continuidade.

Comuníquese o presente acordo para os efectos oportunos ao Grupo de Traballo de Dereito de Familia e Menores do CXPX, á Sala de Goberno do TSX de Galicia, á Subdirección Xeral de Familia (Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia) e aos colexios profesionais implicados. »





Luís Manuel García Mañá

Xefe Superior da Policia de Galicia

Luis M. García Mañá é membro corresponsal da Real Academia Galega, recentemente foile concedida a Medalla de Ouro do Eixo Atlántico. Licenciado en Dereito, tamén cursou estudos de Maxisterio, Toxicología Forense e Antropoloxía Cultural. Foi Comisario Xefe de Policia en Madrid e Vigo e na Comisaría Provincial de Ourense. É membro do Instituto de Estudos Vigueses, do Patronato da Fundación dos Premios da Crítica, do Consello da Fundación Otero Pedrayo, da Fundación Faustino Santalices, vogal da Fundación dos amigos da Universidade de Vigo e xuíz honorario do Couto Mixto. Está en posesión de distintas condecoracións e graos das ordes do Mérito Civil, Mérito Policial e Mérito Naval.



AVOGACÍA COMPOSTELÁ (AC): Como rematou un humanista coma vostede estudiando Dereito?

LUÍS GARCÍA MAÑÁ (LGM): Humanista é un título que seguramente me quede demasiado grande, pero o que si é certo é que como eu son daqueles vellos inspectores do Corpo Xeral de Policia, antes de que fose o actual Corpo Nacional de Policia, decidin que tiña que seguir na Universidade.

Dábaseme ben a historia, a bioloxía e outras cousas, pero pola miña opción profesional da Policia considerei que o más adecuado era estudar Dereito. Fixen Dereito e paréceme unha carreira que é básica para o exercicio da miña profesión. De feito, dende que existe a escala executiva da policia, onde se exixe unha titulación superior, unha gran parte dos novos inspectores e inspectoras posúen a licenciatura en Dereito.

AC: Pensou algúna vez en exercer a avogacía?

LGM: Si que o pensei, e tivén algúns tentos por parte dun profesional do dereito, o que pasa é que xa estaba moi metido na profesión da policia. A profesión da policia, como a de calquera xurista, é moi vocacional e cando te metes a fondo acabas enganchado. Acabache gustando e acabas querendo aquilo que máis coñeces. Deime conta de que a profesión tiña un contido social moi importante e unhas posibilidades que ao final terminaron facendo que seguisse a carreira policial ata hoxe.

"**A PROFESIÓN DA POLICÍA, COMO A DE CALQUERA XURISTA, É MOI VOCACIONAL E CANDO TE METES A FONDO ACABAS ENGANCHADO"**

AC: Por que se fixo policia?

LGM: Eu empecei moi novo, aos 19 anos. Fixen tamén



Maxisterio. Pero a min o que me tiraban eran varias cousas. En primeiro lugar, sair da miña casa. Daquela todos os rapaces novos o que queríamos era saír da casa e ir coñecer mundo, e unha das maneiras era independizarte economicamente. En segundo lugar, eu tiña unha conciencia digna de economía familiar moi acusada. Estudamos os dous irmáns, estabamos a piques de entrar na universidade, que era unha carga para meus pais, e pensei que tiña que saír da casa. Entón atopeime cun amigo que me contou as excelencias da Policia, e conseguiu convencerme. Fixen unha proba, e tan ben me sali que allí quedéi. E xa levo 38 anos.

AC: A título persoal, ¿como se leva o de ser o Xefe Superior de Policia de Galicia, o rango máis alto na nosa comunidade?

LGM: É un orgullo dende logo ser o Xefe Superior de Policia de Galicia, que é a miña terra, e eu son fondamente galeguista. Son un home que coida a cultura do seu país e que intenta contribuir tamén modestamente a ela, sentindome ao mesmo tempo parte de España, parte de Europa e parte do mundo. Non renego de ningunha causa, pero evidentemente aposte inicialmente polo meu, polo más próximo.

Por iso é un orgullo estar aquí, pero tamén é unha responsabilidade. A xente agarda que fagas cousas, espera que produzas cousas, que non pases por aquí sen máis. Aquilo de que estou aquí para servir e non para ser servido pode parecer un tópico pero é a verdade máis absoluta.

AC: Pero a título persoal?

LGM: Lévase ben porque a min gústame asumir esa responsabilidade e gústame prosperar, senón ao mellor tería cambiado de profesión. Tiven a sorte de ter unha carreira profesional rápida e ben estruturada. Ascendín moi novo, porque con trinta e poucos anos xa era comisario e xefe de unidades, e fun saltando por diversas comisarias grandes e pequenas. Hoxe son o comisario máis antigo da escala en Galicia. Estoule moi agradecido á vida por colocarme aquí e moi agradecido ás persoas que confiaron en min, polo tanto, persoalmente sintome ben.

"ESTOULLE MOI AGRADECIDO Á VIDA
POR COLOCARME AQUÍ E MOI
AGRADECIDO ÁS PERSOAS QUE
CONFIARON EN MIN"

AC: Que diferenza percibiu da xefatura de Vigo e Redondela, da que viña, á xefatura superior?

LGM: En principio, é unha cuestión de dimensións. A xefa-

tura superior evidentemente responsabilizase de toda Galicia e a de Vigo responsabilizase dos concellos de Vigo e Redondela. E hai tamén unha cuestión de dimensión orgánica e operativa. A Comisaría de Vigo é unha das más activas. Na Comisaría de Vigo o comisario non ten más que estar pendente do que sucede no día a día mentres que na xefatura superior ademais diso teño unha representación institucional, teño que estar en reunions, xuntanzas. Teño que viaxar máis para recibir instrucións tanto do ministerio como da delegación do goberno para marcar estratexias. É máis institucional e menos operativo que a Comisaría de Vigo.



AC: Vostede é un escritor e ensaísta. Como comezou a escribir?

LGM: Como todos, na escola. Teño a fortuna de vir dunha familia na que a tradición oral era moi importante, e marcou moi de neno. Por exemplo, as longas noites de inverno foron una gran fonte de coñecemento de tipo antropolóxico, de tipo etnográfico, mesmo de tipo histórico.

Meus pais dentro da súa modestia procuraron que dalgúnha maneira lese, desde cómics ata outras cousas más serias (eu *O Quixote* liso de neno). Mandáronme a unha escola de artes e oficios para que tivese certas nocións artísticas e ao conservatorio. En definitiva, que tivese unha certa formación dende moi pequeno.

Tamén tiven un magnífico profesor que se chamaba don Alfredo, que xa dende que tiñamos oito anos se preocupaba de introducirnos na lectura de parágrafos d'*O Quixote* todos os días. Ao cabo de dous anos tiñámolo lido varias veces. Ao cabo de varios anos xa comecei a ter máis interese e xa me eran coñecidas as andanzas do cabaleiro d'A Mancha e o seu



axudante, e lémbrôme que con 13 anos paseino moi ben léndoo de *matu proprio*.

Foi precisamente da formación que me brindaron meus pais de onde naceu a miña inquedanza. Nos últimos anos do bacharelato empezamos a facer concursos de literatura e participei en varios, sempre con premio e iso engancha. Foi o aliciente que me fixo seguir. Logo, xa na policía, escribia artigos e algúns contos. Gustábame contar historias probablemente por esa tradición oral que viña de meus pais e de meus avós. Pouco a pouco fui publicando, ata considerarme muitas veces un intruso neste campo pero non por iso penso que teña que renunciar. É una forma de enriquecer a miña propia vida e se dalgunha maneira serve tamén para que outros gocen ou coñezan elementos como pode ser o Couto Mixto ou esas cousas en que eu me metín pois paréceme unha forma positiva de ocupar os meus anaquiños de lecer.

AC: Agora que fala vostede do Couto Mixto, ¿como foi vostede parar ali?

LGM: Pois entronca co anterior. Eu son fillo de dous rallos ou rallanos. Por un lado, meu pai que xa morreu e que era de Taramundi, da raia entre Asturias e Galicia -digo entre Asturias e Galicia porque Taramundi é de Asturias pero pegadiño a Galicia-, onde falan un galego fermosísi-

con fama de ser moi brava. Cos anos e estudiando Dereito internacional público tiven que facer un traballo sobre o Tratado de Lisboa de 1864, que é o tratado de lindes ainda hoxe vixente entre España e Portugal, e facendo o traballo, mira ti por onde, vexo que nun dos primeiros artigos fala dos habitantes do Couto Mixto, das Coroas de España e Portugal e daquela pensei: caramba, miña nai tiña razón. A partir dese intre empecei a investigar, e de ali recuperei un pouco a historia real, porque hai unha parte mística que está na memoria das xentes que non ten un fundamento real. A través das pescudas que fixen no Arquivo Histórico Nacional, no Arquivo do Ministerio de Exteriores, no Arquivo Histórico Provincial e da lectura de Madoz, de Vicente Risco e doutros atopei que aquilo tiña moita parte de verdade e o que tentei foi divulgalo. O que sempre procurei foi a divulgación dunha realidade xurídica, territorial e histórica, dun espazo que probablemente foi un espazo en certa medida de liberdade porque dotouse dunhas institucións que eran democráticas moito antes de que a democracia chegase a estas latitudes.

AC: E como chegaron a ese estatuto de liberdade?

LGM: Pois probablemente porque eran xente pobre e con miseria e ninguén contaba con eles. Unha hipótese que hai é que probablemente co nacemento de Portugal, a medios do século XII, quedaban espazos en terra de ninguén. Non era que o Couto Mixto estivese en terra de ninguén, porque pertencia á Casa de Braganza, o que pasa é que estaba nas extremas entre o reino de Galicia e ese inicial reino de Portugal onde a Casa de Braganza non tiña ainda funcións reais. Son terras de montaña, moi altas. Terras que quedaron ermas despois do paso dos musulmáns e había que repoboalas. Eu apostei pola tese dos denominados "coutos de homiciados", institución que foi estudada polo profesor portugués Umberto Moreno Vaquero. Esta era unha institución que se utilizaria posteriormente noutras países como Inglaterra. Os ingleses, por exemplo, para repobalar Australia levaron reos da xustiza. Pois no século IX e X para repobalar determinados territorios creábanse certos privilexios que permitían que certos condenados da xustiza puidesen vivir coas súas familias e redimir as súas penas en determinados coutos, por iso se chamaban coutos de homiciados e se facían excluíndo, segundo Moreno Vaquero, os sodomitas, os falsificadores de moeda e os herexes. Pero, noutros casos, os condenados non eran excluídos e permitíaselles colonizar unha terra someténdose á vasalaxe ou ao señorío correspondente.

Esas terras altas, pobres e poboadas de xente con certa miseria non interesaban a ninguén. Probablemente ese desinterese fixo que as terras fosen quedando esquecidas, e co paso do tempo foron adquirindo uns certos privilexios que se consolidaron sobre todo a finais do século XV.

Unha vez que eles se sentiron distintos souberon xogar cos intereses das dúas casas nobiliarias que primaban na zona: a de Braganza en Portugal e a de Monterrei en terras



mo, onde hai una tradición de navalleiros e ferreiros impresionante e é unha terra que a min tenme absolutamente engaiolado. É unha terra máxica.

E por outro lado, tamén son ralito de orixe, ainda que nacín no centro da cidade de Ourense, pero son ralito pola parte de miña nai. Ela é de Randin, na fronteira con Portugal. Randin é unha aldea que está pegadiña a outra aldea portuguesa que é Touren e os seus habitantes convivian xuntos.

Miña nai que ten 93 anos e unha cabeza privilexiada, contábanos que había cerca da súa aldea unha xente mixta



galegas, tentando obter as vantaxes de depender de ambos os dous territorios. E así conseguén ter, por exemplo, exencións fiscais, dereito de asilo, a posibilidade de cultivar determinados produtos que viñan de América... Incluso comerciar con determinados produtos que viñan dunha banda e doutra da fronteira pero que non estaban permitidos pola normativa fiscal, como por exemplo o sal, que ata a revolución de setembro de 1868 era un produto estanco. O sal traíase de Portugal polos camiños privilexiados onde non había risco de ser confiscado e despois distribuise.

Desta forma, os habitantes do Couto ían aproveitando de aquí e de acolá e creando un corpus non escrito pero si existente *de facto* e que despois sería recollido documentalmente por todos os candidatos que pretendían anexionarse ao Couto Mixto. Ben é certo que inicialmente existían uns privilexios escritos pero que foron estragados polas forzas imperiais do Mariscal Soult cando, fuxindo de Wellington, tentaron o dominio primeiro de Portugal e despois de Galicia, queimando ao seu paso numerosa documentación.

Ainda así, as pescudas que fixen nos distintos arquivos permitironme atopar documentos nos que se ían relatando os distintos privilexios -que son unha morea deles- dos seus poboadores, e iso é o que os faí singulares historicamente; ainda que evidentemente participan da cultura popular, da cultura antropolóxica e da cultura etnográfica, e incluso relixiosa dos seus veciños.

"AS PESCUDAS QUE FIXEN SOBRE O COUTO MIXTO NOS DISTINTOS ARQUIVOS PERMITÍRONME ATOPAR DOCUMENTOS NOS QUE SE ÍAN RELATANDO OS DISTINTOS PRIVILEXIOS DOS SEUS POBOADORES, E ISO É O QUE OS FAI SINGULARES HISTORICAMENTE"

AC: Unha pregunta que nos fixemos todos no equipo: Para cando unha novela negra?

LGM: Eu xa participei a primeiros deste século XXI na Semana da Novela Negra de Xixón, e este ano convidáronme a participar na primeira Semana da Novela Negra de Xetafe.

Se les calquera das miñas novelas, daraste conta de que son novelas negras e ao mesmo tempo de intriga porque teñen os componentes da novela negra (mortes e violencia) e á vez os da intriga.

AC: A seguinte pregunta é obrigada. De onde saca o tempo para escribir? A quen llo quita?

LGM: Pois contéstooche cun conto: "organización". [risas]. Tento non quitarlle tempo á miña familia co cal quítomelo a

min mesmo, fundamentalmente do descanso: da noite e das vacacións que é fundamentalmente cando escribo.

AC: Vostede é un gran partidario da normalización lingüística. É un labor duro sobre todo traballando nun corpo nacional como é a policía?

LGM: Non. Para mim é natural. Utilizo o galego e o castelán indistintamente. Son consciente de que pertengo a un corpo estatal e que incluso ten que traballar fóra da fronteira do estado. Son dos que pensa que os idiomas son a ferramenta de comunicación más potente que hai. Se un policía está nunha terra con lingua propia e ten a posibilidade de empregala, vai ter una ferramenta singular para comunicarse cos seus concidadáns e poder así captar a información que precisa para facer ben o seu traballo. E nós, os galegos, temos que coidar o noso idioma porque non o van coidar outros por nós. Pero iso non pode supor que se rexeite ningún outro idioma.

"NÓS, OS GALEGOS, TEMOS QUE COIDAR O NOSO IDIOMA PORQUE NON O VAN COIDAR OUTROS POR NÓS"

AC: Que tres cousas levarías a unha illa deserta?

LGM: Levaría en lugar de tres cósas as tres persoas que máis quixera. Porque ainda que se estea no paraíso se non tes con quien compartilo non serve absolutamente para nada.

AC: Un lugar para perderse?

LGM: Eu apaixónome coa vida e empápome do ambiente en calquera país no que estea, polo que gozo de calquera lugar no que me atope, non necesito un sitio determinado.

AC: Unha frase?

LGM: Vouche dicir unha que lin esta tarde: "*Las ideologías nos separan. Los sueños y la angustia nos unen*". Díxo leugene Ionescu, francés de orixe romanesa e membro da Academia Francesa. Ten que ver moito co meu traballo.

AC: Un sinónimo de Galicia?

LGM: Galego. »

José R. Oulego Erroz. Avogado.
Colexiado 1963 do ICA Santiago



Paulo López Porto. Avogado.
Colexiado 1937 do ICA Santiago





Ghaleb Jaber Ibrahim

Ghaleb Jaber Ibrahim naceu en Ainabus-Nablus (Palestina) en 1950.

Chegou a España en 1970 para cursar a carreira de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, onde se especializou en cardioloxía. É doutor en Medicina pola mesma universidade. Realizou ademais varios másters en Dirección de Empresas. No ano 2003 doutorouse en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade é doutorando en Ciencias Políticas.

Dende 1984 preside o Grupo de Empresas Araguaney. Entre as empresas que o forman destacañ as dedicadas á produción de programas de televisión e á dobraxe -CTV S.A. e

SURCO- e as do ramo da hostalaría e restauración: Hotel Meliá Araguaney e os restaurantes Araguaney e Caney.

Ghaleb Jaber é ademais presidente da Fundación Araguaney, entidade privada sen ánimo de lucro que, dende 1984, se dedica á promoción cultural e ao intercambio sociocultural e económico cos países hispanoamericanos e árabes, especialmente co pobo palestino. Seminarios e xornadas de estudio relacionadas co mundo audiovisual, certames de pintura e publicacións de diversa índole ou o Festival Internacional de Cine Euro Árabe Amal, son algunas das actividades que desenvolve la Fundación Araguaney.

Médico, xornalista, empresario... Vostede definiuse a si mesmo como un "polígamio intelectual"...

Si, simplemente tiven sorte. A miña vida foi unha escaleira, para arriba ou para abaixo, dando saltos, non cuantitativos senón cualitativos, e chegando dun sitio a outro un pouco por casualidade.

Por exemplo, estudei medicina pero metinme a empresario por unha casualidade cando morreu o meu sogro. Gustábame a cociná, a restauración, e a raíz dunha poxa conseguín un terreo e decidín facer un hotel, o Araguaney. Decidín equipalo coa última tecnoloxía, o que esperou a miña curiosidade polo mundo da comunicación e iso levoúme a montar unha produtora. Os primeiros estudos de dobraxe que se montaron en Santiago foron nos camerinos do hotel.

Fixen un máster de empresa e, como xa estaba no mundo da comunicación, decidín facer o doutoramento en xornalismo.

De todas estas facetas, ¿cal é a que más lle atrae?

A que más me atrae é a cociná, o resto é entretenimento. Unha profesión é un medio de vida, pero hai que goza-la e a mí a medicina güstame pero hai tempo que non

a exerzo e seguramente sufriría. Na economía, neste momento, ¿quen non sofre? O xornalismo non deixa de ser contar como se sofre, e eu onde máis gozo posiblemente é falando de cociná.

Vostede dixo que unha das mellores experiencias é rodearse das persoas das que se pode aprender. Eu defendo que o mestre é o que ensina, non o que sabe. A mellor forma de comunicar é entender que a comunicación ten que ser sempre interactiva, e que podemos aprender e ensinar ao mesmo tempo. Para mim, se non compartes o teu coñecemento, é que non o tes. O problema é que moitas veces cremos que o sabemos todo.

Por iso creou a Fundación Araguaney, para comunicar e chegar a máis xente?

Si. O ano que vén cumpliránse vinte anos de labor da Fundación Araguaney, que foi importante para Galicia e para Santiago como unha fonte de culturas, á marxe de ponentes de culturas.

Son unha persoa con moita curiosidade cultural, que sempre entendeu que a riqueza non é ter senón compartir, e que o diñeiro se non ten unha función social non ser-



ve para nada, é coma unha arma, que sempre se volve contra ti e contra a sociedade na que vives.

Séntese obrigado moralmente á difusión da causa palestina, das súas orixes?

Eu creo que é unha obriga que temos que assumir todos. Tendemos a falar do problema palestino, do problema de África. Eu creo que sempre que localizamos un problema pola súa xeografía cometemos un erro. O que temos que facer son localizacións pola súa natureza, non pola súa xeografía, e así a causa palestina é unha causa de inxustiza universal, a causa de Darfur é un críme universal, a causa da pobreza en África é un críme en maiúsculas universal. As causas hai que entendelas como un problema da conciencia de todos. Só poderemos ser realmente solidarios se cada un empeza pola súa casa, o seu contorno, porque un pode ser, con moito cinismo, solidario cun país afastado, cunha causa afastada, cando na casa dun hai moitas inxustizas e moita pobreza.

Primeiro debe curarse un para logo poder axudar os demás.

Parécelle que en Galicia hai unha especial empatía co pobo palestino?

Creo que a hai, porque coido que somos sociedades parecidas, moi simples, moi rurais. Eu creo que o pobo galego é un pobo moi próximo, e polo tanto sensible ás causas. Canto máis elevamos o noso ascensor máis nos afastamos do chan e perdemos a perspectiva do sufrimento do ser humano, e a xente en Galicia segue subindo polas escalaeras, vivendo en casas dun ou dous pisos, entendendo mellor a xente que está nun campo de refuxiados.

Que bota en falta de Palestina?

Non cabe dúbida de que as persoas temos algo que nunca podemos borrar. Dicides aquí que nunca se esquece o primeiro amor e que nunca se esquece a paisaxe, os amigos..., o esencial na vida, a base, o más próximo a nós. O que más bota en falta de Palestina: a Palestina, onde a pesar de todo, a vida é quizais más alegre que a de aquí

**"A RIQUEZA NON É TER,
SENÓN COMPARTIR"**

**"PARA MIN AS ÚNICAS
FRONTEIRAS QUE HAI SON AS
MENTAIS"**

-dentro do sufrimento-. A xente é moi forte ali, e solidaria, comparte o que ten, cando fas un guiso sempre hai un prato para o veciño. Temos un principio que di que Deus maldice unha vila que dorme sabendo que unha persoa



pasa fame. Este principio é moi importante para nós, ser solidario de verdade, non ser solidario de ONGs.

Séntese estranxeiro?

Eu son un neno de aldea, un mozo dun campo de refuxiados que pasou a súa mocidade na emigración como refuxiado, e tamén un maduro nun país no que es estranxeiro ainda que leves aquí trinta anos. Pero eu non me simto estranxeiro, síntome cidadán do mundo. Non creo nas fronteiras, as fronteiras que hai para mim son as mentais, pero iso non evita que moitas veces a xente crea que es estranxeiro, e iso entristéceme moi.

Os seus fillos séntense cidadáns do mundo coma vostede?

Si, eu aos meus fillos sempre lles ensinei que a suma de dous sempre é mellor que un, é dicir, se eles teñen dúas culturas, dous coñecementos, dúas relixións, dous idíomas, sempre é mellor que ter unha. É unha visión distinta. O gran problema do mundo hoxe posiblemente sexa a intolerancia, que é falta de cultura, a incapacidade de poder respectar outro punto de vista. Temos que ter unha visión de dimensións. Hoxe en dia criticase, fálase "de", pero non se fala "con", e ese é un dos grandes problemas da intolerancia, da crise do mundo.

Como pensa que influiron os atentados do 11-M e do 11-S sobre a visión que temos en occidente do Islam, do mundo árabe?

Continuamente estanse mesturando dous termos, moitas veces intencionadamente, outras por ignorancia: islamismo e Islam. Eu quero facer unha diferenza moi clara. Deses grupos que se autodenominan islamistas, as pri-



meiras vitimas son as sociedades islámicas, tanto a nivel físico coma metafísico. Atribuironse atentados a islamistas e condonouse a islamistas, certo, pero a sociedade islámica é maioritariamente xente que rexeita este movemento. No mundo árabe ningúen os coñece, non representan a ninguén dentro do Islam.

"HOXE EN DÍA CRÍTICASE, FÁLASE "DE" PERO NON SE FALA "CON"

Estase creando por moitos grupos de poder occidentais a figura do autoterrorismo, inculcando medos irreais e utilizan-

siderar quen sae beneficiado nesta guerra de confrontación entre oriente e occidente

Agarda algunha melloría con Obama ou pensa que vai ser máis do mesmo?

Obama é un produto de marketing americano ao estilo das películas de Hollywood. De todos os xeitos, teño esperanza de que poida guindar un efecto positivo. O mundo está farto de tensións e se este señor fai política de xestos, con xestos positivos pódese rebaixar a tensión, e se rebaixamos a tensión podemos chegar a sentar e falar sobre o problema. Pero hai que empezar por xestos, non por grandes plans.

Que opina da refundación ou refundición do capitalismo?

É unha cuestión da clase política. Neste momento non se pode refundir nada. Algo que aprendin no mundo dos animais, é que ten que funcionar no mundo dos humanos, é que cando un cabalo salta 1,50 ou 1,60 e un dia tropeza ou tropezan con el, correlle medo e rexeita seguir saltando, e hai que empezar a ensinarlle a saltar de novo dende abaxo, recuperar a confianza.

Se o sistema non funciona, se, en termos médicos, está doente, non podemos darlle analxésicos, teremos que acertar co antibiótico correcto. Toda a inxección de millóns e millóns son analxésicos. O capitalismo está baseado en algo equivocado que no seu momento pudo ser a salvación, pero neste momento non pode ser que o 50% da poboación estea con sobrepeso gastando miles de millóns en pastillas para adelgazar mentres que o outro 50% non ten nin para comer. É un sistema baseado na inxustiza, no desequilibrio. Non podemos falar nin de refundición do capitalismo nin do sistema cando non somos solidarios e non queremos entender qué é a solidariedade. Se falamos dun único

mundo, porque obrigatoriamente o mundo é único, as únicas fronteiras son as culturais. Non podemos falar de refundir porque ademais, ¿quen refundiría?, ¿o G20? Que pasa co resto? India, África..., ¿non contan?

Teríámos que explicar o concepto acuñado por vostede de "proletario rico".

Que é un rico? Un señor que ten medios. Que é un proletario? Unha clase traballadora. Se tes riquezas ou medios e es traballador, es un proletario rico.

Hai moitos proletarios ricos e hai moitos pobres capitalistas. O capitalismo non é ter cartos. Posiblemente a definición téc-



do esas organizacións. O autoterrorismo é o grande inimigo neste momento, non o terrorismo, co que se pode acabar creando sistemas xustos de distribución, illándo. Porque unha infección tense que illar primeiro e logo curala, lávala para que non se estenda polo corpo. E se o que temos é unha fosa séptica teremos que drenala e saneala, non tirarlle pedras e bombas que é o que fixeron os americanos e os seus aliados nun determinado momento.

Ao final a única cousa fixa, segura, que vimos despois dos atentados é que houbo mortos en EEUU, en Irak, en Afganistán, no Cairo, en Madrid..., pero o único sitio en que Al Quaeda non atentou nunca foi Israel, curioso, entón teremos que con-



nica correcta sexa a de ter cartos, pero a definición real é o manexo do diñeiro e moitas veces tense ligado o manexo indiscriminado dos cartos coa explotación.

Vostede dixo nalgúnha ocasión que lle parece indigna a ostentación que fan os xeques árabes na Costa do Sol.

Eu sempre conto unha anécdota. Un dia convidoume un xeque a Málaga e mandoume un avión a recollerme aquí. Dende Málaga a Marbella cambioume tres veces de coche. Chéguei á súa casa e había máis gardacostas que árbores. Ceando cada comensal tiña detrás tres persoas, unha para sacar o prato, outra para poñelo e un gardacostas. O xeque contábame que era moi rico e eu dicíalle que eu era máis rico ca el. Falábame de que era super millonario e eu dicíalle que eu moito máis. "Queres que che demostre que son máis rico ca tí?", dixenlle. "Imos tomar un café a Puerto Banús e falamos nas terrazas". "Non podo", contestoume. "Por que?", preguntei. "Por seguridade". "Ves, ti es pobre e eu son rico", dixenlle. E baixei andando a Puerto Banús e volvín para aquí nun avión normal.

"A QUEN ME POIDA ENSINAR UNHA SOA DIFERENZA VERDADEIRA ENTRE O CRISTIANISMO, O XUDAÍSMO E O ISLAM DOULLE UN MILLÓN DE EUROS"

Agora falemos de relixión. É practicante?

Eu son respectuoso, creo que nos fai falta unha norma e que esa norma non está escrita.

A relixión coñecida por nós ten a mesma orixe, cristianismo, xudaísmo e Islam. As únicas diferenzas son matizadas moi pequenas. A quen me poida ensinar unha soa diferenza verdadeira entre estas tres relixións doulle un millón de euros.

As relixións son as antigas constitucións, a regulación da convivencia da xente en función dos tempos. O Islam é a Biblia calzada máis unha tradución dunhas leis sociais. Eu non atopo nada que hoxe en día non se poida asumir en ningunha das tres relixións.

Volvo ao tema da intolerancia. Fálase da muller árabe, da súa represión. Enchesenos a boca de cinismo na prensa sobre o do pano, pero non se fala coa muller árabe, non se lle pregunta se o quere poñer ou non. Prohibese algo que outros impoñen, se impoñen é un acto ditatorial, pero se aquí facemos unha prohibición é un acto igual de grave.

Vostede pensa que as mulleres levan o burka porque queren? Primeiro hai que entender qué é o burka. O que falla aquí é a cultura universal, temos unha cultura moi limitada. O burka é unha ferramenta que durante moitos séculos foi evolucionan-

do, esténdese dende o sur de Marrocos, o Sáhara, ata máis alá de Afganistán. Se colles o atlas do mundo, verás que só se atopa nas zonas desérticas, Marrocos sur úsao e Marrocos norte non o usa. Daquela non se trata de relixión nin de política senón do clima do deserto. O home ten pelos no nariz, deixa barba, pon o turbante, e a muller para protexerse tiña que empregar unha cousa que non lle estorbase. Esta é a real evolución disto, ao igual que na selva van espídos e no norte van cubertos de pel, porque teñen que adaptarse á climatoloxía. Despois iso transformouse nunha prenda de identificación cultural. A muller transformouna en algo cultural indicativo da tribo de localización, pero realmente o Islam prohibe. O Islam non ten que ver con isto. O Corán di que deus é fermoso e que lle gusta a beleza.

Cales son as súas preferencias culturais?

Sempre digo que o bo sempre é apetecible.

Do cine gústame o xénero documental, de feito facemos o Festival Internacional de Cine Euro Árabe AMAL porque a miña curiosidade polo documental supera calquera outro tema.

A música dependendo do momento pode ser árabe, inglesa, española, dende a balada ata o rock, e gústame moito o jazz.

Sobre literatura gústame más o ensaio que a novela: Pau-lo Coelho, de Tariq Ali gustoume moi o Á sombra do granado. Non collo un libro calquera, sempre busco o que me interesa, hai que escoller.

No referido á pintura, a Fundación ten unha das coleccións más importantes de Santiago e de Galicia, con praticamente todos os autores galegos, Quintana Martelo, Acisclo Manzano, Jaime Quesada... Pintura de pintores árabes que traió aquí, como Ali Ali que pintou catro murais para a Cidade da Cultura. Temos máis de douscentos oitenta cadros, incluso polos corredores do hotel hai obras de Carballo, Mir, Olga Martínez, Maiside... O problema na pintura é que se empeza a prostituir moi-to. É arte, non negocio, e cando se converte en negocio xa perde a súa liña cultural.

Con que novo proxecto anda agora ilusionado?

Cos meus fillos, con que collan eles o relevo e así eu poder dedicarme a escribir. É o meu futuro proxecto. Escribir é unha experiencia moi bonita que realcei na vida. Tiven sorte e creo que aprendin moitas cousas interesantes en canto á psicoloxía e ás persoas. Hai persoas boas e malas, experiencias fermosas..., cada unha delas pode ser moi interesante para ser contada, por se alguén pode aprender algo delas, ainda que tan só sexa unha persoa. Ainda que sexa para unha soa persoa paga a pena escribir porque o coñecemento adquisece xustamente dándoo, non recibíndoo.

Mar Vivero Vizoso.
Avogada. Colexiada 1000 do ICA Santiago



Noemí Peteiro Pereda.
Avogada. Colexiada 1959 do ICA Santiago





Os novos criterios orientadores sobre honorarios profesionais do ICA Santiago. Modificacións e cambios en comparación cos baremos anteriores

O 01/01/2009 ENTRARON EN VIGOR OS NOVOS CRITERIOS ORIENTADORES e *Custos de Referencia das Actuacions Profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela*, que foron aprobados na Xunta xeral ordinaria do dia 22/12/2008.

Para a confección destes novos criterios orientadores, a Comisión de Honorarios e a Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados utilizou como fonte datos obxectivos obtidos tras un estudo acerca dos usos e prezos medios de mercado destes servizos profesionais.

Tivérонse en conta os informes realizados por este colexio nos últimos oito anos en expedientes de impugnación de honorarios, en taxacións de custas e xura de contas, en informes ou ditames realizados a petición dos letrados e tamén nas resolucións xudiciais que resolven os incidentes de impugnación de honorarios. Así mesmo, adoptáronse á normativa vixente en materia de libre competencia.


Moi brevemente imos expor os cambios ou modificacións más importantes que se introduciron nestas novas normas en comparación coas do 2002.

Na súa introdución e no título preliminar insístese no seu carácter orientador, (a súa finalidade orientadora e de referencia, co obxecto de establecer unhas pautas que sirvan de fundamento para fixar os honorarios profesionais do letrado). En ningún caso as cantidades fixadas como orientadoras poderán ser consideradas como mínimas. O letrado terá dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios con quen solicite os seus servizos. Este baremo terá simplemente carácter interpretativo da vontade contractual das partes.

Entrada en vigor e ámbito de aplicación. Estes novos criterios entraron en vigor o 01/01/2009 e serán aplicables a actuacions profesionais que se inicien con posterioridade a esta data.

O seu ámbito de aplicación será o ámbito territorial deste Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Distribución de honorarios. Na xurisdición civil, procedemento ordinario, modifícase a distribución por fases: fase de alegacións 60%; audiencia previa 20%; xuizo 20%. Na xurisdición penal eliminase a distribución por fases e agora minutárase de acordo coas actuacions efectivamente realizadas. Xurisdición contencioso-administrativa: no procedemento abreviado, á fase de demanda e actuacions previas ao acto do xuizo correspónelle o 60% e ao acto do xuizo o 40%. Recursos: se non hai vista





pola preparación, o 10%, e pola interposición ou formalización, o 90%; se hai vista, o 50% pola interposición e o 50% pola vista.

Contia. O capítulo VII do título preliminar no que se regula a contia segue igual que nas normas anteriores, diferenciando claramente a contia cando é en condena de custas ou ben cando se minuta ao propio cliente.

Cantidades orientadoras. Os importes orientadores que figuran ao carón de cada norma e que serán de aplicación cando a cantidad resultante de aplicar a escala tipo sexa inferior a esta, incrementáronse como mínimo un 30% con respecto ao baremo anterior. Estas cantidades actualizáranse anualmente co incremento do IPC correspondente, sendo a primeira actualización o 01/01/2010.

Actuacions extraprocesuais. En canto á transacción e soluciós extraxudiciais, modifícase a porcentaxe que se debe aplicar da escala tipo, que agora será o 100%. Tomarase como base o interese económico polo que se transixiu, co límite do 50% dos honorarios da totalidade do procedemento evitado nas transacciós extraxudiciais, e o 75% nas transacciós realizadas unha vez iniciado o procedemento.

Nas particiós increménntase ata o 25% da escala tipo no suposto a) e ata o 20% no suposto d) da norma 23.

Xurisdición civil

Medidas cautelares: na norma 32 especificase cal será a contia que se debe ter como base para o cálculo dos honorarios:

Se fixa a contia expresamente na petición da medida cautelar, será esta a que se deberá ter en conta co límite da contia da demanda principal.

Se non se fixa a contia pero acórdase a caución, terase en conta a contia da devandita caución.

Se non se fixa expresamente a contia ou non se acorda a caución, a contia será indeterminada.

Xuízo ordinario:

Por razón da contia increménntase a cantidad orientadora a 750 €.

Por razón da materia na norma 34 diferénciase entre dereitos honoríficos da persoa: 1.200 €, e tutela do derecho á honra, á intimidade e á propia imaxe, e de calquera outro derecho fundamental: 50% da escala tipo sobre a cantidad solicitada ou, no caso de estimación da demanda, a recoñecida en sentenza.

Da norma 35, xuízos sobre disolución e nulidade de sociedades: 100% da escala tipo sobre a contia do procedemento.

Suprímese a norma 41 do baremo do 2002 ao non resultar de aplicación.

A norma 55 sobre xuízos de privación do uso da vivenda queda redactada da seguinte forma: "Nos xúizos en que se exerce a acción de cesamento e privación do derecho de

uso da vivenda ou local, prevista na Lei de propiedade horizontal, devengarase o 25% da escala tipo, sobre a contia do procedemento. Contia orientadora: 750 €

Xuízo verbal

Por razón da contia increménntase a cantidad orientadora de 240 € a 500 €

Por razón da materia, na norma 64 engádese o parágrafo 7 do artigo 250 da LAC.

Na norma 66.b inclúense os xúizos para establecer o réxime de visitas a favor dos avós, sen oposición: 500 e con oposición: 1000 €

Recursos

Na norma 70 engádese a nulidade de actuacions, que se minutará igual que no recurso de reposición e queixa: cun 10% dos honorarios que se devengarán pola totalidade do asunto principal.

Recurso de casación: en canto á interposición, redáctase a norma 75 de xeito similar ás normas de honorarios do Ilustre Colexio de Avogados de Madrid xa que sería este o competente para informar no caso de impugnación da mi-

 **ILUSTRE COLEXIO DE
AVOGADOS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

**CRITERIOS ORIENTADORES E CUSTOS
DE REFERENCIA DAS ACTUACIÓNS
PROFESIONAIS DO
ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
2009**



APROBADO CON ACORDO DA
XUNTA XEGRAL DO COLEXIO
DO DÍA 26 DE DEZEMBRO DE 2008
Versión en vigor 01/12/09

nuta no incidente de taxación de custas deste recurso de casación.

Execución:

Especifícanse con maior claridade os supostos que entran dentro da execución de resolucións xudiciais e os supostos que entrarían dentro da execución doutros títulos. Así, na norma 81 "Execución de resolucións xudiciais" serían as demandas executivas as que se fundamenten en calquera dos títulos sinalados nos números 1, 2, 3 e 9 do parágrafo 2º do artigo 517 da LAC: a) sen oposición, o 20% da escala tipo; b) con oposición, o 50% da escala tipo.

Norma 82 "Execución doutros títulos", as demandas executivas que se fundamenten en títulos distintos da norma anterior, é dicir, os sinalados nos números 4, 5, 6, 7 e 8 do parágrafo 2º do artigo 517 da LAC: a) sen oposición, 75% da escala tipo; b) con oposición, o 100% da escala tipo.

A contía base para efectos de cálculo dos honorarios será a contía pola que se despache execución (principal, xuros e custas).



En canto á execución pecuniaria, o único cambio é que se aumenta a porcentaxe de aplicación da escala tipo do suposto 2º da norma 85, que pasa a ser do 30%.

Execución sobre bens hipotecados:

Créase un apartado c) na norma 87: "no suposto de que o debedor fixese uso da facultade que lle concede o artigo 693.3 da LAC, aplicarase a escala tipo ao 30%. Cantidad orientadora: 600 €". Isto implica que nestes casos non se poderá acumular a demanda de execución co suposto do apartado c).

Execución non pecuniaria:

Faise a aclaración de que os honorarios correspondentes a este capítulo (capítulo V sobre execución non pecuniaria) devengaranse con independencia dos que proceda polas actuacións executivas a que se refire o capítulo I (execución provisional) e o capítulo II (execución).

Incrementábase a porcentaxe da norma 90 que pasa dun 10% a un 20%.

Procesos sobre matrimonio:

É a sección dos honorarios que sufriu maiores modificacións:

Regúlase a modificación de medidas xa que nas normas anteriores non se recollía.

- Norma 103: modificación de medidas definitivas

- Norma 104: execución de medidas

- Separación e divorcio:

Norma 105 sobre mutuo acordo: diferénciase entre redacción do convenio regulador simple con prestacións económicas inferiores a 7200 € anuais (criterio orientador 800 €) e a redacción do convenio regulador complexo con prestacións económicas igual ou superiores a 7200 € (criterio orientador 1000 €)

Norma 106 "Contencioso: pola tramitación do proceso, (sen incluir incidentes e recursos), ata que recaia sentenza. Criterio orientador 2000 €".

Cando a contía de todas as prestacións estimadas en sentenza sexa igual ou supere a cantidade de 7200 € anuais, a cantidade aconsellable poderá acumularse co resultado de aplicar a escala tipo ao 100% sobre unha anualidade destas.

O letrado da parte obrigada ao pagamento minutará aplicando a escala tipo ao 80% sobre a base do apartado anterior.

Se, unha vez iniciado un procedemento contencioso, se cambiase a tramitación, por chegaren os cónxuxes a un acordo, o letrado percibirá os honorarios que correspondan en cada fase do contencioso, máis os honorarios correspondentes á redacción do convenio de mutuo acordo.

Reconvención: nos xuízos contenciosos con reconvención incrementárase nun 30%.

División xudicial de patrimonios:

As normas de división de heranzas (108) e a do contador-partidor (109) seguen igual, non obstante, incrementáse a cantidade orientadora a 2000 €.

Na norma 110 regúlase o caso de que a partición do diríntime fose impugnada e por conseguinte procederase a formular un novo caderno.

Na norma 113 refundéndose as antigas normas 116 e 117.

Concurso de acreedores e suspensión de pagamentos:

Das normas 136 a 141 regula o concurso voluntario e o concurso necesario desde a posición do letrado do debedor e do letrado do acreedor e adáptase á normativa vixente, Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

As modificacións e cambios que se introduciron nas xurisdiccións penal, social e contencioso-administrativa tratarémolas no seguinte número desta revista.

Manuel Arza Galán. Avogado

Secretario Técnico do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago





Acordos da Xunta de Goberno

CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE HONORARIOS

A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados, na sesión do dia 05/03/2009, tomou o acordo de crear unha comisión de honorarios que será a encargada de elaborar unha nota técnica ou ditame previo que deberá ser aprobado ou referendado pola Xunta de Goberno antes de ser remitido aos xulgados. Este acordo xorde ante o elevado incremento de solicitudes de emisión de ditames de honorarios solicitados polos xulgados en impugnación de taxación de custas, contas de avogado, probas periciais ou as solicitudes feitas polos propios colexiados. Durante os últimos meses esta demanda está a desbordar a secretaría técnica e a xunta de goberno deste colexio que son os encargados de emitir os anteditos ditames. Por este motivo, crese conveniente crear esta comisión co fin de evitar atrasos innecesarios na elaboración destes informes e conseguir realizarlos no prazo dun mes desde que se solicitan.

DECLARACIÓN TRIMESTRAL DAS ACTUACIÓN NA QUENDA DE OFICIO

Como consecuencia da entrada en vigor do novo regulamento de asistencia xurídica gratuita da Comunidade Autónoma de Galicia, as declaracions dos procedementos da quenda de oficio (que ata o 31/12/2008 se realizaban cuadriestralmente) pasarán a realizarse trimestralmente a partir do 01/01/2009. De acordo con este regulamento, a Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados tomou o acordo de fixar en 5 días o prazo para presentar na secretaría do colexio as declaracions trimestrais da quenda de oficio (tal e como se indica no cadro que aparece abaixo). Agardamos que a fixación deste prazo contribúa a axillizar as xestións xustificativas ante a Dirección Xeral de Xustiza para que deste xeito se poidan abocantando antes as cantidades correspondentes.

LISTAS DE ASISTENCIA AO DETIDO

A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados, na sesión do dia 16/03/2009, logo de atender as queixasalguns letrados do Servizo de Asistencia ao Detido nas que manifestaban que non recibían os listados de asistencia ao detido que se estaban a remitir por correo ordinario e ao desconocer o colexio a causa pola que esta correspondencia non chega aos seus destinatarios, acorda o seguinte:

Co fin de evitar a antedita problemática e para que a este colexio lle quede constancia da recepción destes listados, a partir do dia 01/04/2009 os listados trimestrais de asistencia ao detido remitiranse por correo electrónico aos letrados/as de alta neste servizo.

Así mesmo, estes listados serán publicados no taboleiro

de anuncios das dúas sedes colexiais e na páxina web do colexio (www.icasantiago.org). Os letrados e letradas que non disponen dunha conta de correo electrónico poderán solicitar que se lles remitan por fax.

RENOVACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DA QUENDA DE OFICIO E DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA

A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados, na sesión do dia 30-03-2009 e consonte o establecido no Regulamento da quenda de oficio deste colexio, tomou o acordo de proceder á renovación de catro membros da comisión da quenda de oficio e do servizo de orientación xurídica. Para poder acceder a estas prazas requirese:

- Figurar como letrado ou letrada exercente residente do Colexio de Avogados de Santiago.
- Posuir unha antigüidade de 5 anos na quenda de oficio.

Quenda de oficio

NOVOS MODELOS DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUITA

A secretaría deste Colexio de Avogados está a tramitar desde o día 2 de marzo os expedientes de concesión de xustiza gratuita cos novos modelos de solicitude (Anexo I) aprobados pola Dirección Xeral de Xustiza de acordo co novo Rrexistro de Asistencia Xurídica Gratuita da Comunidade Autónoma de Galicia, que entrou en vigor o 01/01/2009.

Con este novo formulario preténdese simplificar o expediente administrativo para a concesión de xustiza gratuita. Procúrase, sobre todo, que non se denegue o dereito a xustiza gratuita nos asuntos penais por non achegar a persoa solicitante a documentación requirida. A partir de agora a Comisión de Asistencia Xurídica da Dirección Xeral de Xustiza recadará telemáticamente os datos económicos do solicitante que constan na Administración Tributaria, na Seguridade Social e no Catastro, logo da autorización previa e expresa do solicitante.

Este novo formulario de solicitude, só afectará ou producirá cambios importantes na xurisdicción penal. Deste xeito, desaparece o anexo I bis que se cubría ata o de agora na comisaría e nos xulgados para xustificar a asistencia e iniciar o trámite de concesión de xustiza gratuita para a persoa imputada ou detida.

A partir de agora o letrado de asistencia ao detido e da quenda penal deberá cubrir o apartado V deste novo anexo I nos seguintes casos:



1º Asistencia ao detido. Cando se produza unha asistencia ao detido en dependencias policiais ou no xulgado, o letrado de garda deberá cubrir o apartado V "Asuntos penais" deste novo anexo. É importante que o detido ou imputado "marque" o cadre de autorización ("autorizo expresamente") do apartado VI-7º, xa que deste xeito a administración poderá recadar directamente da Administración Tributaria os datos económicos do solicitante para a concesión ou denegación do beneficio de xustiza gratuita. Así mesmo, é indispensable que asine a solicitude ("sinatura do solicitante"). No caso de que a persoa solicitante non autorice "expresamente" á administración e non asine a solicitude, estará obrigado a presentar a documentación esixida ante a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuita da Dirección Xeral de Xustiza.

2º Designacións de oficio do Colexio. Cando o colexio faga unha designación penal por oficio do xulgado, remitirá xunto coa designación do colexio o novo anexo I para que o letrado designado, unha vez teña os datos do seu cliente, cubra os apartados V e VI do anexo e o remita canto antes á secretaría deste colexio para iniciar o trámite de concesión de xustiza gratuita. É importante, como sinalabamos, que o solicitante (imputado ou detido) asine a solicitude e marque o cadre co epígrafe "Autorizo expresamente" á Administración para recadar os seus datos económicos), porque así garantira-

se que a administración non poida denegar o beneficio de xustiza gratuita por non presentar o solicitante a documentación requirida.

SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA OS LETRADOS/AS DO SERVIZO DE ASISTENCIA AO DETIDO E A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Este Colexio de Avogados asinou un convenio coa Mutualidade Xeral da Avogacía Española polo que se contrata un seguro colectivo de accidentes para os letrados e letradas da quenda de oficio que prestan o servizo de garda de asistencia ao detido e a vítimas de violencia de xénero. Esta póliza terá a seguinte cobertura:

Capital por falecemento	100.000 €
Incapacidade permanente	100.000 €
Incapacidade temporal	15 € por dia (máx. 90 días)

Esta póliza, que cubre o risco exclusivamente do dia da garda, será sufragada ao 100% polo colexio e é compatible coa póliza de incapacidade temporal por accidente ou enfermidade contratada coa Previsión Mallorquina. As garantías limitan exclusivamente a cubrir os accidentes sufridos polas persoas aseguradas durante o desempeño da asistencia no centro de detención e primeira asistencia no órgano xudicial ou fiscalía correspondente, incluíndo o risco *in itinere*, é dicir, queda cuberto tamén o risco de accidente dende que o asegurado se encamiña á prestación do servizo e tamén ao seu regreso.





Circulares informativas 2009

Circular 01/09

/ Festividáde de San Raimundo de Peñafort

Circular 02/09

/ Convocatoria de Xunta xeral 1º/2009

/ Festividáde de San Raimundo de Peñafort

Circular 03/09

/ Acordos Xunta de Goberno

/ Acordos Xunta de Xuíces de Santiago

/ Convenios

Circular 04/09

/ Creación dunha comisión de honorarios

/ Reunión informativa quenda de oficio (10/03/2009)

/ Xornada sobre "As últimas reformas do imposto de sucesións e doazóns"

Circular 05/09

/ Renovación de membros da comisión da quenda de oficio e do servizo de orientación xurídica

/ Xornada de formación: "Os problemas prácticos dos procesos con xurado"

/ Implantación do grao en criminoloxía e seguridade

Circular 06/09

/ Escrito de queixa ao Xulgado de Instrucción núm. 3 (violencia de xénero)

Circular 07/09

/ Convenio de colaboración co Concello de Santiago para poñer en funcionamento un servizo de asistencia xurídica para a vía previa administrativa e laboral.

/ Xornada de análise sobre a problemática que presenta a execución de sentenzias contra a Administración.

As circulares informativas dende o 01-01-07 remítense aos colexiados só via correo electrónico. Aqueles colexiados que ainda non estean dados de alta neste servizo, poderán solicitalo remitindo un escrito á secretaría técnica deste colexio no que indiquen un enderezo de correo electrónico e a súa autorización para remitirlle este tipo de información (circulares informativas, novidades lexislativas, etc...).

Quenda de oficio 01/09

/ Novos modelos de solicitude de asistencia xurídica gratuita

/ Seguro colectivo de accidentes para os letrados/as do servizo de asistencia ao detido e a vítimas de violencia de xénero

Quenda de oficio 02/09

/ Listas de asistencia ao detido

/ Declaracións trimestrais das actuacións na quenda de oficio

Convenio de colaboración para a posta en funcionamento dun servizo de asistencia xurídica especializada para a vía previa administrativa e laboral

O pasado 24 de abril o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela asinaba un convenio de colaboración co Concello compostelán para poñer en funcionamento un servizo de asistencia xurídica especializada para a vía previa administrativa e laboral. No acto de sinatura do convenio estiveron presentes, xunto co decano do colexio e o alcalde compostelán, varios membros da xunta de goberno do colexio e da corporación do concello.

Segundo este convenio o colexio de avogados creará unha quenda específica de letrados e letradas que serán os encargados de formular os recursos adminis-

trativos procedentes que na actualidade quedan fóra do ámbito da xustiza gratuita.

Esta quenda especializada centrarase na asistencia e orientación a persoas empadroadas no Concello de Santiago que acrediten insuficiencia de recursos económicos para interpoñer os recursos administrativos previos á xurisdicción contenciosa administrativa ou á xurisdicción laboral.

Este servizo de asistencia xurídica especializada rexeráse polas regras de funcionamento que teña establecidas o Colexio de Avogados de Santiago para os servizos de orientación xurídica en xeral.



Celebración da festividáde de San Raimundo de Peñafort

O PASADO VENRES 23 DE XANEIRO de 2008 tiveron lugar en Santiago de Compostela diversos actos con motivo da celebración de San Raimundo de Peñafort, patrón da avogacía. Como todos os anos a avogacía de Compostela deuse cita nunha xornada cargada de actos que comezou ao mediodía e rematou cunha cea-baile.

Ás 18:00 h do serán tivo lugar unha misa no Altar Maior da Catedral de Santiago en homenaxe ao patrón da avogacía e en memoria dos avogados falecidos.

Posteriormente, ao redor das 19:00 h, no marco do Salón Nobre do Pazo de Fonseca, tivo lugar o acto de imposición das medallas de ouro do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Este acto estivo presidido por, D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Colexio de Avogados de Santiago; por D. Anxo Quintana González, vicepresidente da Xunta de Galicia; D. X. Antonio Sánchez Bugallí, alcalde de Santiago; D. Antonio González Nieto, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; D. Carlos Varela García, fiscal superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; D. José Paz Montero, decano do Colexio de Procuradores de Santiago e D. Miguel Vázquez Tain, vicerreitor da Universidade de Santiago de Compostela.

As medallas de ouro 2008 foron concedidas, por un lado, no apartado de avogados, a Eduardo García de Enterría Martínez-Carrande, colexiado número 1846 do colexio de avogados compostelán.

García de Enterría é considerado un dos xuristas españoles más destacados do século XX. Reconocido como un dos más importantes teóricos e investigadores do Dereito público, a súa obra é unha referencia indispensable para os profesionais que desenvolven o seu traballo no eido administrativo.

O seu currículo é extenso dende máis para podermos relatarlo con detalle pero podemos achegar algúns dos seus logros más salientes ao longo da súa dilatada carreira.

Cursou estudos de Dereito nas universidades de Barcelona e Madrid, onde obtivo tan-





to a licenciatura como o doutorado con premio extraordinario. Posteriormente ampliou os seus estudos nas universidades de Londres e Turingia.

En 1947 converteuse en letrado do Consello de Estado e máis tarde obtivo as cátedras de Dereito administrativo nas universidades de Valladolid (1957) e Complutense de Madrid (1962), da que, dende 1970, foi xefe de departamento. Dende 1988 é profesor emérito e membro do Colexio Libre de Eméritos de Madrid.

Foi o primeiro xuíz español no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos con sede en Estrasburgo entre abril de 1978 e febreiro de 1986. Tamén presidiu a Fédération International pour le Droit Européen (FIDE); fundou e presidiu a Asociación Española para o estudo do Dereito europeo, e integrouse no Academic Council del European Law Research Center da Law School da Universidade de Harvard.

Participou en numerosas comisións de redacción de anteproyectos de lei en España. Pero de especial relevo foron as súas achegas á Constitución española de 1978.

No apartado de non avogados, nesta edición a persoa homenaxeada coa entrega da Medalla de Ouro do Colexio foi Lotario Vilaboy Lois, director da Escola de Práctica Xurídica (EPX) de Santiago de Compostela.

Lotario Vilaboy Lois é profesor titular de Dereito procesual da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante máis de vinte anos, viñéreronse formando na EPX, centos de avogados, que despois desenvolveron a súa profesión na nosa cidade, así como no resto de Galicia. A formación recibida foi especialmente completa, abrangendo todas as áreas, dende o coñecemento do dereito, especialmente o seu

desenvolvemento práctico, ata a formación en deontoloxía, fundamental na profesión de avogado. Iso fixose non sen esforzo, e con independencia da colaboración de moitos compañeiros e institucións non podería levarse a cabo sen a figura de Lotario Vilaboy Lois, cuxo compromiso con este proxecto de escola foi inequívoco e constante, dedicándolle infinitade de horas de traballo e de esforzo per-





soal ata conseguir que a EPX de Santiago sexa un referente a nivel nacional, no que debe ser a formación dun avogado.

O Colexio de Avogados de Santiago recoñeceu a través desta medalla o compromiso e o bo facer de Latoria Vilaboy, e con toda seguridade é o reflexo do sentir da Avogacía Compostelana e dos moitos alumnos que pasaron polas aulas da Escola.

Tras o acto de entrega de medallas tivo lugar o acto de xura ou promesa de oito novos letrados e letradas. Nesta ocasión as persoas que cumpriron co tradicional acto

de acatamento profesional foron as seguintes: Fátima Abraldes Vieites, Ramón Barreiro Carnota, María Teresa Conde Abelleira, Fernando Martínez Escurrís, Victoria Beatriz Piñeiro Vidal, María Rey Pereira, Eva Vales Fernández e Noemí Veiga Trasar.

Tras este acto tivo lugar unha pequena recepción no propio Pazo de Fonseca onde as persoas asistentes puideron degustar de xeito ameno uns petiscos.

Finalmente, e como vén sendo habitual, a xornada rematou cunha cea-baile que nesta ocasión tivo lugar no hotel santiagués Porta do Camiño. //





Cursos e xornadas

O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO de Compostela ofreceu, en colaboración co Consello Xeral da Avogacía Española, unha xornada formativa baixo o título "Os problemas prácticos dos procesos con xurado". Esta xornada desenvolveuse o 17 de abril e foi seguida por video-conferencia dende o salón de actos do propio colexio.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, levou a cabo o pasado 12 de marzo a xornada "As últimas reformas do imposto de sucesións e doazóns". A xornada contou cos seguintes relatores: César García Novoa (catedrático de dereito financeiro e tributario da USC), Juan Antonio Mosquera Pena (subdirector xeral de impostos cedidos da Xunta de Galicia) e Enrique Feáns García (avogado, auditor de contas e perito mercantil).



O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO de Compostela organizou o dia 18 de decembro a xornada A resposta xudicial ante o terrorismo e o crime organizado. Nesta xornada interviñeron como relatores o fiscal xefe da Audiencia Nacional, Javier Zaragoza Aguado, e o presidente da Sala do Penal da Audiencia Nacional, Javier Gómez Bermúdez. Neste acto tamén esti-

vo presenta a directora xeral de Xustiza, Begoña Santos.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organizou o Curso de formación sobre violencia de xénero que se desenvolveu os días 4, 6, 11, 13, 17, 18, 20, 25 e 27 de novembro no salón de actos da facultade de Ciencias Políticas da USC.





O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a través do seu Servizo de Asesoramento Lingüístico, organizou o dia 21 de outubro a segunda edición da xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización. Nesta nova edi-

ción os relatores que interviñeron para analizar e comentar a situación da lingua galega na xustiza foron o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela García, e o académico e investigador Xesús Ferro Ruibal.



O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela levou a cabo o Curso sobre contratación e transmisión da propie-

dade durante os días 9, 16, 23 e 30 de outubro. Neste curso abordáronse diferentes aspectos en relación coa contratación e a transmisión da propiedade como a permuta, a compravenda ou a obra.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración co Instituto Empresarial de Contabilidade e Economía, ofreceu os seguintes cursos prácticos: Contabilidade e análise de balances e Xestión e práctica laboral. Estes cursos leváronse a cabo durante os meses de outubro e novembro no Colexio de Economistas de Santiago de Compostela.


O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organizou, a través do seu Servizo de Asesoramento Lingüístico, un Curso superior de linguaxe xurídica galega. Este curso desenvolveuse durante os meses de outubro e novembro e contou coa certificación de aptitude da Secretaría Xeral de Política Lingüística. □





Novidades xaneiro-maio 2009

- PELAEZ MARTOS, José María. *La factura electrónica: y otras obligaciones telemáticas de empresarios y profesionales*. Madrid: Ciss, 2008.
- MANUAL de delitos contra la Hacienda Pública Navarra: Thomson-Aranzadi, 2008.
- Los DERECHOS de las personas con discapacidad: Vol. III Área socio-sanitaria y de derecho comparado. Madrid : Consejo General del Poder Judicial, 2008.
- Los RECURSOS y otros medios de impugnación en la Ley de Enjuiciamiento Civil. Barcelona: Bosch, 2009.
- DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, Pilar. *Responsabilidad patrimonial de la administración por accidentes de tráfico*. Navarra: Thomson-Aranzadi, 2008.
- LOPEZ PORTO, Paulo. *O solo de núcleo rural na lei 9/2002*. A Coruña: Escola Galega de Administración Pública, 2008.
- CÓDIGO electoral: eleccións ao parlamento de Galicia. Pontevedra: Xunta de Galicia, 2009.
- MARTÍNEZ SELVA, José María. *Manual de comunicación persuasiva para juristas: Marketing de servicios profesionales, oratoria forense, técnicas de negociación, organización de reuniones, gestión del tiempo y trabajo en el bufete*. Madrid: La Ley, 2008.
- NOVAL PATO, Jorge. *El informe de la administración concursal: con referencia también a la documentación complementaria*. Madrid: La Ley, 2008.
- El TRABAJO a tiempo parcial: Régimen sustantivo. Madrid: La Ley, 2008.
- LANZAROTE MARTÍNEZ, Pablo. *La autonomía del ministerio fiscal y proceso penal y la reforma de su estatuto orgánico*. Madrid: La Ley, 2008.
- CUCARELLA GALIANA, Luis-Andrés. *Rectificación, tribunales y medios de comunicación*. Madrid: La Ley, 2008.
- DURÁN Y LALAGUNA, Paloma. *Acciones positivas para las mujeres en las organizaciones internacionales*. Madrid: La Ley, 2008.
- LEY de prevención de riesgos laborales: Comentada y con jurisprudencia. Madrid: La Ley, 2008.
- LATHROP GÓMEZ, Fabiola. *Custodia compartida de los hijos*. Madrid: La Ley, 2008.
- FERNÁNDEZ MAESTU, José Luis. *Reglamento del Registro Mercantil: concordancias, notas, resoluciones de la DGRN y jurisprudencia*. Madrid: La Ley, 2008.
- BENITO OSMA, Félix. *Los participes y beneficiarios en la nueva regulación de los planes y fondos de pensiones*. Madrid: La Ley, 2008.
- LÓPEZ GORDO, José Francisco. *Medio ambiente comunitario y protocolo de Kioto: la armonización de la imposición energética a un mercado sobre emisiones de gases de efecto invernadero*. Madrid: La Ley, 2008.
- El DERECHO de autor y las nuevas tecnologías: reflexiones sobre la reciente reforma de la Ley de Propiedad Intelectual. Madrid: La Ley, 2008.
- JUSTICIA y derecho tributario: Libro homenaje al profesor Julio Banacloche Pérez. Madrid: La Ley, 2008.
- DELITOS contra el orden socioeconómico. Madrid: La Ley, 2008.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, María Fernanda. *La tutela laboral frente a la discriminación por razón de género*. Madrid: La Ley, 2008.
- IRIBARREN BLANCO, Miguel. *Responsabilidad civil por la información divulgada por las sociedades cotizadas: su aplicación en los mercados secundarios de valores*. Madrid: La Ley, 2008.



Acordo de colaboración coa editorial "La Ley-Grupo Wolters Klumer"

A EDITORIAL LA LEY-GRUPO WOLTERS KLUWER, en virtude do acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:



El derecho de autor y las nuevas tecnologías:
 Colección: Temas La Ley
 Coordinador: Agustín Macías Castillo
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 452



Responsabilidad civil por la información divulgada por las sociedades cotizadas:
 Colección: Monografía de la Revista Derecho del mercado de valores
 Autor: Miguel Iribarren Blanco
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 196



Los partícipes y beneficiarios en la nueva regulación de los planes y fondos de pensiones:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: Félix Benito Osma
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 908



Custodia compartida de los hijos:
 Colección: Claves La Ley
 Autor: Fabiola Esther Lathrop Gómez
 Edita: LA LEY
 Ano: 2008 - Páginas: 584



El informe de la administración concursal:
 Colección: Ramón y Cajal
 Autor: Jorge Noval Pato
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 254



Reglamento del registro mercantil:
 Autor: José Luis Fernández Maestu
 Edita: LA LEY
 Ano: 2008 - Páginas: 2052



Rectificación, tribunales y medios de comunicación:
 Autor: Luis-Andrés Gucarella Galiana
 Edita: LA LEY
 Ano: 2008 - Páginas: 376



Delitos contra el orden socioeconómico:
 Colección: Códigos Magister
 Coordinador: Juan Saavedra Ruiz
 Ano: 2008 - Edita: LA LEY - Páginas: 608



La autonomía del ministerio fiscal en el proceso penal y la reforma de su estatuto orgánico:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: Pablo Lanzarote Martínez
 Edita: La Ley - Ano: 2008 - Páginas: 514



La tutela laboral frente a la discriminación por razón de género:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: M.ª Fernanda Fernández López
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 276



El trabajo a tiempo parcial:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: Luisa Vicedo Cañada
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 284



Ley de prevención de riesgos laborales comentada y con jurisprudencia:
 Autor: Francisco Pérez de los Cobos
 Edita: LA LEY - Ano: 2008
 Páginas: 1760



Medio ambiente comunitario y protocolo de Kioto:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: José Francisco López Gordo
 Edita: LA LEY - Ano: 2008
 Páginas: 596



Manual de comunicación para juristas 2º edición:
 Colección: Temas La Ley
 Autor: José María Martínez Selva
 Edita: LA LEY - Ano: 2008 - Páginas: 602



A linguaxe xurídica moderna: a precisión e a concisión nunha demanda

"In claris non fit interpretatio"

(No claro non se precisa interpretación)

A LINGUAJE XURÍDICA, COMO LINGUAJE técnica, debe rexerse por criterios de funcionalidade e economía para dar conta do rigor científico que transcende no seu ámbito de aplicación. Deste xeito, o texto xurídico debe achegar con claridade toda a información necesaria, valéndose para isto do corpus terminolóxico e estilístico que posúe a lingua do dereito, pero asemade debe fuxir de todo tipo de información superflua e inmotivada. Hoxe en día podemos constatar numerosos exemplos de textos repletos de clixés e retrousos de todo inñecesario que a miúdo se empregan neste tipo de redacción por pura inercia. A aclamada modernización da linguaxe xurídica pasa sen dúbida por reconducir e actualizar algúns principios básicos da súa redacción: a precisión e a concisión.

Imos analizar algunas partes representativas do texto dunha demanda, tal e como podemos atopalas no noso día a día, para reparar nalgúns vicios deste tipo de redacción que nos pasan desapercebidos pola forza do costume.

"Antón López López, procurador dos tribunais, en nome e representación de Paula Castro Castro, segundo acredito coa copia do poder bastante para prestar que achego e que solicito que me sexa devolto tras o seu testemuño en autos por necesitado para outros usos, comparezo ante este xulgado e como mellor proceda en dereito-DIGO."



Se aplicamos a recomendación de atendermos a se o que escribimos é necesario ou sobrante, darémonos conta de que existe moita información na parte introductoria das demandas que alongan inñecesariamente a oración e non achegan ningunha información que non se coñezca xa ou que, simplemente, é inñecesaria.

Na parte introductoria dunha demanda, a expresión "procurador dos tribunais" pode resolvérse coa mesma eficacia informativa omitindo a frase "dos tribunais" dado que o contexto de actuación do procurador pode considerarse inherente á propia actuación profesional.

A redacción xurídica caracterízase pola fixación e acumulación de abundantes estruturas bimembres (debo condenar e condeno, danos e perdas, en tempo e forma, etc.). Non obstante, a frase binomial "en nome e representación" é facilmente simplificable. Facer algo en representación de alguén xa implica facelo no seu nome. Xa que



logo, a expresión resulta redundante e podemos reducila ao termo que aglutina ambos os significados: "en representación de"; e mesmo poderíamos obviala enteiramente dado o significado cumprido da expresión "procurador de Paula Castro Castro".

No caso de incluir na fórmula de comparecencia a información relativa ao poder notarial, debemos ser conscientes de que estamos engadindo unha precisión informativa independente que a miúdo alonga en exceso este apartado introdutorio. En todo caso, deberíamos atender á pertinencia de emplegar a información accesoria que provoca un alongamento estéril (*vid. cor verde*).

O verbo polo que se fai efectiva a comparecencia ("comparezo") constitúe unha parte nuclear neste apartado e cumpre unha función determinante tanto expressiva coma xuridicamente. Agora ben, a frase engadida "ante este xulgado" debemos considerala prescindible e mesmo redundante neste momento da redacción.

A inercia da tradición formularia prevé na parte final deste parágrafo unha expresión ("como mellor proceda en dereito") difficilmente asumible dende os parámetros que deben rexer unha redacción precisa, concisa e funcional. É este sendubida un bo exemplo dos abondosos formulismos que entorpecen a actualización desta lingua técnica.

Que teña por presentado este escrito xunto coas súas copias, o admita e ...

Na parte final das demandas é habitual atopar esta construcción. Neste caso, dado que a acción principal queda expresada polo verbo "admitir" poderíamos prescindir da primeira unidade verbal ("teña por presentado") xa que a súa acción queda tamén englobada na do verbo principal: "Que admite este escrito..."

A continuación achegamos outros exemplos dalgúns clixés baleiros de significado ou sobrantes que deberíamos evitar na redacción dunha demanda.

Para os opostos efeitos processuais faise constar que ... (Precisión: cales?)

Por tanto, é procedente, de acordo co que establece o artigo 789 da LACrim, incoar diligencias previas ~~para ... fin igualmente establecido~~ (Precisión: cales?)

Teña por formulado en tempo e forma debidas un recurso de súplica ... (Concisión: sobra)

Que admita este escrito xunto cos documentos que o acompañan e, tras os trámites previos oportunos, acorde ... (Concisión: sobra)

Que, mediante o presente escrito, dentro do prazo establecido pola providencia con data de 23-10-2009 presenta un escrito de contestación ... (Concisión: sobra)

"Vistos os preceptos sinalados ~~que regulan la normativa de aplicación~~" (Precisión: cal?)

... ao amparo do disposto no artigo 188 da Lei de procedemento laboral. (Concisión: sobra)

Considerando que a devandita sentenza non se axusta a dereito, ~~dito senón co debido respeito a~~ ~~que se considera de defensa~~, anuncia ... (Concisión: sobra)

É escrito que pida en ... ou facer do que pide en ... (Concisión: sobra)

Malia as observacións que acabamos de facer cabe sinalar que a lingua é un sistema que admite certas redundancias, e que son de todo xustificables cando hai vontade de dar énfase á idea que queremos transmitir. Agora ben, habemos de evitar na medida do posible os clixés baleiros de información e as expresións innecesarias, que non enriquecen unha lingua técnica como é a xurídica.

Martin Ramos Insua
Servizo de Asesoramento Lingüístico
Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela





AGRUPACIÓN DE XOVES AVOGADOS DE COMPOSTELA

Son os baremos contrarios á defensa da competencia?

NOS ÚLTIMOS TEMPOS, A COMISIÓN NACIONAL da Competencia parece fixar a súa atención na avogacía dobremente. Por un lado, cuestionando o sistema de colexiación dunha forma que deixa sen sentido a función dos colexios tal e como tradicionalmente se entendeu. Por outro, promovendo a eliminación dos baremos de honorarios. Prescindindo da primeira cuestión, o modesto obxecto deste escrito é defender que os baremos de honorarios dos colexios de avogados non constitúen unha conduta contraria á competencia tal e como a definen a normativa europea ou española sobre defensa da competencia, e que ainda no caso de que se puidese entender que isto non é así, estarían amparados polas exencións que estas mesmas normas prevén.

I. OS BAREMOS, ¿DENTRO DO ÁMBITO DAS NORMAS DE COMPETENCIA?

Criterios determinantes

Para logralo, o máis lóxico é expoñer primeiro cales son os criterios tidos en conta, tanto polo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas como pola Comisión á hora de valorar se unhas normas orientadoras de prezos afectan de forma determinante á competencia:

- Impacto sobre a liberdade de acción dos membros da profesión
- Influencia sobre os beneficiarios dos servizos de que se trata
- O carácter real, non nominal, da súa función orientativa, a ausencia de forza real vinculante
- Amplitude da súa aplicación
- Facer previsible o comportamento dos profesionais en materia de honorarios.

Todos estes aspectos están intimamente relacionados e, en realidade, non poden darse de forma illada, pero

para maior claridade trataremos de velos por separado.

A) Carácter orientativo. Non pode haber moitas dúbidas sobre o carácter realmente orientativo, non vinculante, das normas de honorarios. A norma específica que regula a actividade profesional dos avogados, o Real decreto 658/2001, do 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da avogacía española establece, no seu artigo 44.1, que os honorarios profesionais dos avogados serán establecidos libremente de acordo co cliente. Os baremos son mencionados como referencia supletoria para o caso de falta de acordo.

Non existe, nin no estatuto da avogacía, nin no de ningún colexio de avogados de España, ningunha norma que estableza algún tipo de sanción, directa ou indirecta, ou consecuencia xurídica diferenciada para o suposto de non aplicación do baremo por un letrado para fixar os seus honorarios. Por outro lado, tampouco existe ningún mecanismo polo que os colexios poídan coñecer por si mesmos se os seus colexiados aplican ou non os baremos.

B) Afectación da liberdade de acción dos profesionais. En canto ao impacto sobre a liberdade de acción dos colexiados, os colexios só disponen de dous mecanismos para intervir nunha disputa referente á contia dunha minuta: que na folla de encargo estivese prevista unha cláusula de submisión á arbitraxe do colexio en canto á contia da minuta, e que nunha impugnación da taxación de custas derivada dunha condena en custas o xulgado requira ao colexio un informe sobre estas (artigo 246.1 LAC). Pero debe notarse que no primeiro caso estaríamos ante un suposto de arbitraxe libremente pactada polas partes dunha relación contractual e completamente legal, e no segundo caso a

O avogado é un señor que recupera os nosos bens das mans dos nosos adversarios e queda con eles.

*Henry Peter Brougham
(1778-1868)*



taxación das custas corresponderíalle ao secretario do xulgado (artigo 243.1 LAC), é só corresponderla ao colexio emitir un informe sobre a devandita taxación. De todos os xeitos, non está garantida a aplicación efectiva do baremo, pois ainda que fose aceptado o contido do informe do colexio polo xuíz, subsistiría a limitación do artigo 394.3 LAC (artigo 243.2 LAC).

O que ambos os supostos teñen en común é que en ningún caso se trataría de competencias propias do colexio derivadas da súa condición de corporación pública con funcións de ordenación sobre unha profesión, e que non poden ser exercidas pola súa propia iniciativa, senón a instancias dun terceiro interesado, sexa colexiado, particular ou tribunal.

veces á dunha pizzaria, ou tamén aquelas outras empresas que a través dunha intensísima campaña de publicidade na radio e na televisión ofrecen asesoramento permanente e sen límite durante un ano por un importe aproximado ao que nalgúns baremos se fixa para unha consulta complexa. Estas empresas existen, e ningún fixo nada contra elas. E parece claro que se existe unha política dos colexios para evitar as variacións dos prezos, as anteditas compañías serían os primeiros obxectivos desta.

C) Amplitude da súa aplicación. En canto á amplitude da súa aplicación, resulta difícil de determinar, pois non existe ningún mecanismo fiable para medir o seu alcance. Os colexios non realizan enquisas, sondaxes



Unha proba moi evidente de que a liberdade en materia de prezos non se ve limitada polos baremos constitúena esas empresas quen, en réxime de franquía, se estenderon amplamente e que ofrecen servizos profesionais moi por debaixo do prezo de calquera baremo mediante publicidade formalmente moi similar ás

ou mostraxes para determinar este dato. Sen ser unha fonte incuestionable, da experiencia cotiá que manifestan os profesionais conclúese claramente que a aplicación dos baremos é extremadamente irregular, pois non só depende de cada despacho, senón do tipo de asunto e tamén a miúdo do cliente.



D) Previsibilidade do comportamento dos profesionais. Outro dos puntos que cómpre considerar é se as devanditas normas fan previsible o comportamento dos profesionais en relación cos honorarios. A maiores do que acababamos de dicir, é importante sinalar que en España existen varias decenas de colexios de avogados. A cada un deles en concreto é a quien se remite a competencia de elaborar normas orientativas en materia de honorarios, de acordo co artigo 5º da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais. Polo tanto, os baremos, independentes na súa elaboración e diferentes no seu contido, non serven para homoxeneizar o comportamento de toda a profesión en materia de honorarios, nin establecen pautas comúns e xerais. Máis ben ao contrario, ainda considerando hipoteticamente o prezo do servizo como o único elemento tido en conta na contratación dun avogado, o reducido ámbito territorial de cada colexio non podería impedir que o cliente optase por outra circunscripción reñida por diferente baremo, nun mercado cada vez menos localizado e moi fluido, sen restricións xeográficas ao traballo dos letrados.

A diferenza do noso sistema particular é moi obvia comparándoa co precedente aducido pola Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea nunha carta sobre esta cuestión dirixida ao Ministerio de Xustiza en agosto de 2006, a sanción de 100.000 imposta ao Colexio de Arquitectos de Bélgica: unha única corporación con carácter nacional.

Polo demais, é evidente que existe unha gran variedade de modelos de exercicio profesional. Certamente, os avogados poden licitamente competir entre eles en prezos e fano, pero este é só un dos elementos distintivos cos que cada despacho e cada profesional comparte no mercado. A elevada cifra de avogados en España xa fai por si mesma que o seu comportamento non poida ser predeterminado con carácter xeral.

Conclusión

De xeito moi elemental pode dicirse que a economía de mercado se basea no principio de que no intercambio de bens e servizos por diñeiro aqueles que son capaces de satisfacer as necesidades dos consumidores vense favorecidos pola elección destes de adquirir o seu produto. A pugna constante por atraer eses consumidores obriga o empresario a ofrecer servizos da maior calidade ao menor custo posible, de forma que o resultado final é o progreso económico e o beneficiario último o cliente considerado de forma xenérica. Se se limita o número de empresarios nun mercado, ou se lles priva de determinados elementos que lles sirvan para diferenciarse neste, altérase o mecanismo da competencia, prexudicando ao cliente e detendo a innovación e o desenvolvemento económico. A nor-

mativa sobre competencia trata de manter, digámolo así, a pureza do mecanismo de mercado.

Na nosa opinión, parece claro que os baremos orientativos non alteran as regras do mercado. Os baremos en ningún modo impiden a entrada de novos empresarios/avogados no mercado e, unha vez neste, non lles impiden usar os prezos dos seus servizos como instrumento de competencia e elemento de diferenciación no mercado. Unha proba evidente disto é que en poucos sectores, mesmo ainda que nestes non existe ningún tipo de referencia orientadora dos prezos, hai variacións tan extremas nos prezos finais dos servizos. A Comisión equivócase ao considerar os baremos dos colexios, sen máis matización, iguais ás recomendacións de prezos das asociacións empresariais para os efectos do artigo 81 TCE.

II. SUBSIDIARIAMENTE. OS BAREMOS, AMPARADOS POLAS EXENCIÓNS

Aínda no caso de que rexitásemos os razoamentos anteriores, teríamos que examinar se as normas sobre honorarios encaixan nalgún dos supostos de exención previstos na legislación comunitaria e española, que son os seguintes:

- Que as condutas ou prácticas contribúan a mellorar a producción ou a distribución dos produtos, e reserven ao mesmo tempo aos usuarios unha participación equitativa no beneficio resultante (artigo 81 TCE).
- Que sexa unha conduta imposta por unha lei (artigo 4 LDC).

En canto ao primeiro suposto, entendemos que os baremos beneficián aos clientes. Os servizos que vendemos os avogados teñen unhas características propias. Sinalaremos catro moi relevantes:

1. Son inmateriais,
2. A miúdo son descoñecidos polo cliente,
3. O cliente carece de ferramentas para ponderar os servizos que adquire,
4. A calidade dos devanditos servizos non garda unha relación directa co resultado.

Por ese motivo, os baremos exercen unha función beneficiosa para o cliente, ao proporcionarle quizais a única referencia que ten sobre os prezos dos servizos que lle ofertan, e paliar así o que se veu en chamar "a asimetría de información entre avogado e cliente", aumentando a transparencia do mercado. Desta forma, a posición do cliente faise máis segura.

Respecto ao segundo suposto, entendemos que é defendible a afirmación de que a existencia de baremos orientativos responde a unha esixencia legal, e que a lectura conjunta de distintas leis convértenos en imprescindibles:

1. O artigo 5 da Lei de colexios profesionais establece a elaboración de normas orientativas sobre prezos como unha función dos colexios. Unha función, non unha potestade.
2. O artigo 36.5 da Lei de asistencia xurídica gratuita (LAXG) remite para o pagamento das custas nos supostos en que algún dos litigantes fose beneficiario do devandito dereito ás normas sobre honorarios dos colexios de avogados.
3. - O artigo 241 e ss. da LAC remiten aos colexios a elaboración dun informe sobre os honorarios impugnados dun letrado. E ainda que é certo que os baremos orientativos, ao contrario que no caso da LAXG, non se mencionan expresamente, tamén o é que evidentemente a norma está a pensar nelles, e que ainda que fose teoricamente posible, resultaría absurdo, materialmente complexísimo e sobre todo moi arbitrario que o colexio tivese que realizar o devandito informe caso por caso sen a base do baremo.

III. A SENTENZA DO TX NO "CASO CIPOLLA"

Sobre as cuestións que aquí se tratan non existe demasiada xurisprudencia europea. Non obstante, a sentenza que se pode tomar como referencia é a Sentenza do Tribunal de Xustiza (Gran Sala), do 5 de decembro de 2006, nos asuntos acumulados C-94/04 e C-202/04 (Asunto Cipolla). Nesta importante resolución, o tribunal considera conforme ao Dereito europeo o baremo de honorarios, elaborado polo Consello nacional de colexios de avogados (Consiglio Nazionale Forense) e aprobado polo Ministro de Xustiza, que fixa un máximo e un mínimo (este, obligatorio) das actuacións profesionais. Ainda que entende que efectivamente tal baremo poida supoñer unha restrición á libre prestación de servizos, considera esta xustificada, e faino con estes razoamentos:

64 A este respecto, procede sinalar que a protección, por unha parte, dos consumidores, en particular, dos destinatarios dos servizos xudiciais prestados polos auxiliares de xustiza, e, por outra parte, da boa administración de xustiza é un obxectivo que se atopa entre os que pueden considerarse razões imperiosas de interese xeral que

permiten xustificar unha restrición á libre prestación de servizos.

67 Ainda que é certo que un baremo que impón honorarios mínimos non pode impedir que os membros da profesión ofrezan servizos de calidade mediocre, non cabe excluir a priori que tal baremo permita evitar que, nun contexto como o do mercado italiano que, como resulta da resolución de remisión, se caracteriza pola presenza dun número extremadamente elevado de avogados inscritos e en exercicio, os avogados se vexan incitados a practicar unha competencia que poida traducirse en ofrecer prestacións mal paquedas, co risco de que se deteriore a calidade de servizos prestados.

68 (...) en particular, do feito de que, no ámbito das prestacións dos avogados, a información da que disponen os «clientes-consumidores» e os avogados adoita ser asimétrica. En efecto, os avogados teñen un alto nivel de competencias técnicas que os consumidores non posúen necesariamente, de modo que estes teñen dificultades para apreciar a calidade dos servizos que se lles prestan (véxase, en particular, o Informe sobre a competencia nos servizos profesionais, obxecto da Comunicación da Comisión, do 9 de febreiro de 2004 [COM(2004) 83 final, p. 10.]).

En definitiva, os baremos orientadores non son contrarios á normativa europea e estatal sobre defensa da competencia, pois nin o seu obxectivo nin o seu efecto é determinar unha igualación dos prezos que impida a competencia no mercado.

Ainda no caso de que isto non se entendese así, a existencia das devanditas normas orientativas viría esixida por cando menos tres leis da lexislación estatal española, e suporía simultaneamente unha mellora da posición dos clientes/consumidores no mercado. Por outro lado, a garantía para o consumidor e para o bo funcionamento da Administración de Xustiza serían razóns de interese xeral que xustificarián en todo caso a existencia dos devanditos baremos, como se desprende da Sentenza Cipolla do Tribunal de Xustiza.

AXA Compostela



Campaña de fomento do uso do galego entre a avogacía

Porque sobran motivos... **Xustamente, en galego**

Accede á páxina web www.icasantiago.org e deixa un motivo polo que usar o galego na xustiza



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



SERVIZO DE
ASESORAMENTO
LINGÜÍSTICO
ICA SANTIAGO

OPINAN DE NÓS...

Nesta sección a cidadanía compostelá ofrece o seu punto de vista sobre certos aspectos relacionados coa avogacía como profesión.



**SUSANA
LÓPEZ CARBIA**

Presentadora e directora do programa Faladoiro en Correo TV

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Pola relación que teño con algúns deles, motivada por cuestións vinculadas co meu traballo, coido que sí. Non obstante, sempre pensei que a de Dereito é unha das carreiras nas que hai demasiada teoría e pouca práctica. Creo que para calquera universitario é bo entrar en contacto co mundo laboral canto antes. No meu caso penso que me fun facendo xornalista a medida que empezaba a facer prácticas nun xornal cando ainda era estudiante.

Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

Ata o de agora nunca precisei dos servizos profesionais dun avogado, e sempre que acudín a un foi por algún asunto relacionado co meu traballo como xornalista. Neste sentido, teño que dicir que sempre atopei excelentes profesionais que me atenderon e me axudaron en todo o que necesitei.

Que consellos lles daria aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

O meu consello é o mesmo que intento seguir no meu día a día

como xornalista: ser sensible aos problemas dos demás. Polo xeital, o noso ritmo de traballo é frenético e pode chegar un momento no que, por dicilio dalgún xeito, nos deshumanicemos; un momento no que pisemos o acelerador e simplemente esquezamos que estamos tratando con persoas que viven un momento difícil e que se senten indefensas ou perdidas. Outra recomendación: creo que os avogados deben levar a cabo un labor pedagóxico, tendo en conta as dificultades que teñen os cidadáns para comprender os farragosos textos de leis e sentenzas.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que? Mol útil. Os avogados representan aos cidadáns e, polo tanto, velan polos seus dereitos. Se a isto lle engadimos o feito de que vivimos nun mundo cada vez máis xudicializado, o seu labor convértese en imprescindible. Non coñezo as condicións nas que desenvolven o seu traballo os avogados da quenda de oficio pero imaxino que son moi mellorables e que, en todo caso, o labor destes profesionais non é suficientemente valorado, malia ser un elemento fundamental do estamento xudicial.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Creo que non sempre é recoñecido na súa xusta medida, ao igual que pasa con outras profesións, entre elas o xornalismo. Supón que ás veces ocorre iso de que pagan xustos por pecadores e de que, por unha mala experiencia, xulgamos a un colectivo que en xeral traballa arreio e se involucra nos problemas dos seus clientes.



**MERCEDES
ROSÓN FERREIRO**

Concelleira de Urbanismo e Vivenda no Concello de Santiago de Compostela

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Considero que existe un nivel moi alto tanto na formación como no exercicio da profesión no colectivo de avogados de Santiago. No éxito deste colectivo hai que recoñecer o papel da Facultade de Dereito e da Escola de Práctica Xurídica. A súa calidade e o seu esforzo continuado axudan a enriquecer a preparación dos seus estudiantes e licenciados.

Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

En xeral, percibese un alto grao de satisfacción, e incluso son coñecedora de que moita xente de toda Galicia acode a Santiago en busca dos mellores profesionais. O prestixio da avogacía nesta cidade esténdense á rede de cidades de Galicia.

Que consellos lles daria aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Continuar na liña do bo facer profesional e afondar na tarefa de facer flexible para os cidadáns o complexo entrañado xurídico da nosa normativa.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que? Por suposto, é impensable a existencia dun estado de derecho sen a presenza deste colectivo, cuxo labor fundamental é a defensa dos dereitos recoñecidos no noso ordenamento xurídico, fronte a calquera agresión que se poida producir contra estes.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

En liñas xerais considero que é unha profesión valorada, aínda que nunca está de máis facer un esforzo para concienciar a cidadanía da transcendencia que para o mantemento da democracia e dun estado de derecho ten o exercicio da avogacía como garantía do fortalecemento dos dereitos individuais e colectivos.

Festividade de San Raimundo 2009 e xura de novos letrados



Invierte con la máxima rentabilidad y disfrútala cada mes

La Mutualidad de la Abogacía ha creado el nuevo seguro Renta Vitalicia Remunerada, ideal para aquellas personas que quieren aumentar su pensión de la Mutualidad, complementar otra renta (pública o privada), o simplemente rentabilizar sus ahorros para disfrutarlos de forma inmediata.

Con el seguro Renta Vitalicia Remunerada, conseguirás la misma flexibilidad que otros productos financieros, pero con mayor rentabilidad y mejor fiscalidad y, además, participarás de los beneficios obtenidos por las inversiones de la Mutualidad para este seguro.

Dispones de cinco modalidades para que elijas la que mejor se adapte a tus necesidades y, según sea tu elección, hasta podrás interrumpir el cobro de la renta y recuperar todo o parte del capital invertido.

Contrata el seguro Renta Vitalicia Remunerada y disfruta de ingresos adicionales, gestionados por una entidad solvente y en un marco legal fiscalmente protegido, que sacarán a tu dinero el mayor rendimiento.

Planes y Seguros de la Mutualidad

Infórmate en el
902 25 50 50
o entra en
www.mutualidadabogacia.com

RENTA VITALICIA REMUNERADA
SEGURO DE RENTAS VITALICIAS

